

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8

SESION ORDINARIA (xuño) DO 1 DE XULLO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día un de xullo do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D.

Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA (xuño) conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA. Bos días señoras/es concelleiros, iniciamos o pleno ordinario número 8 convocado pola orde do día en poder das señoras/es concelleiros, se constata quórum presencial e quórum telemático e procedemos, ábrese sesión publica, virtual tamén porque está sendo transmitido de modo virtual e iniciamos o Pleno. Eu lles pediría que ao iniciar o Pleno gardáramos en primeiro lugar un minuto de silencio en memoria das vítimas do COVID-19.

Gárdase un minuto de silencio en memoria das vítimas pandemia do COVID-19.

PARTE RESOLUTIVA

1(69).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DO 26.02, EXTRAORDINARIA DO 9.03, EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 16.04 E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 29.04.2020).

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, (nove presenciais e dezasete por control remoto) apróbanse as actas: ordinaria do 26 de febreiro, extraordinaria do 9 de marzo, extraordinaria e urxente do 16 de abril e extraordinaria e urxente do 29 de abril de 2020.

2(70).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIQ. REXISTRO PLENO 2470/1101.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL
CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIQ
28 de xuño de 2020

“A violencia e a discriminación contra as persoas LGTB por motivos de orientación sexual ou identidade de xénero teñen lugar nunha ampla variedade de contornas públicos e privados, son exercidas por integrantes da familia, amigos, membros da comunidade confesional, membros da comunidade, axentes de policía, membros do sector da xustiza, propietarios ou provedores de vivendas e compañeiros de traballo, entre outros, e prexudican o acceso das persoas LGBT á atención da saúde, a educación, a vivenda e o emprego..”

Informe sobre a protección contra a violencia e a discriminación por motivos de orientación sexual ou identidade de xénero

Asemblea Xeral de Nacións Unidas
17 de xullo de 2019

Foi a partir de finais dos anos 70, cando o arco da vella foi elixido o símbolo para representar a diversidade sexual. Gilbert Baker, o seu deseñador, elixiu unha composición con 8 franxas, 8 cores, 8 significados. Hoxe, permanecen 6.

vida saúde luz do Sol natureza serenidade espírito

O 28 de xuño de 2020, Día Internacional do Orgullo LGTBIQ estará marcado polo COVID19. Este ano, o orgullo celebrarase nos balcóns e os Concellos de España estarán unha vez máis, izando unha bandeira que dará voz a quen non poderán saír ás rúas para reivindicar un mundo libre.

Desde o 13 de marzo de 2020, data na que se decreta o Estado de Alarma no noso país, a cidadanía viviu confinada para frear o avance dunha crise sanitaria de envergadura aínda descoñecida e cuxas consecuencias aínda ignoramos.

Un esforzo colectivo que demostrou, unha vez máis, que somos un pobo valente e solidario; flexible e aberto ao cambio e que, a pesar das consecuencias psicolóxicas que pode provocar o illamento, da preocupación #ante a incerteza económica e social, das innumerables dificultades sobrevividas da pandemia, somos parte imprescindible da resposta global e como tal, estamos a dar mostra dun enorme compromiso e responsabilidade.

Con todo, ademais desta imaxe na que todas e todos sentimos representados e que vemos en cada xanela e balcón ás 20.00 da tarde, hai outro retrato invisible de miles de rostros que sofren na intimidade da súa reclusión, a ferocidade da violencia e o castigo do silencio.

É o caso, entre outras, das persoas LGTBI que ven agravada unha problemática xa existente a partir dunha nova situación que as illa e expón a situacións conflitivas e onde se viron incrementadas o número de denuncias ante agresións físicas e psicolóxicas.

O día do Orgullo é unha data para a visibilidade, para a reivindicación e para a esperanza e na que as entidades locais, con independencia do seu tamaño, xogan un papel insubstituíble como garantes dos dereitos de liberdade e de igualdade que rexen o noso estado de benestar.

É, no nivel local, onde se constrúen realidades e onde se despregan medidas necesarias de sensibilización e cohesión, de atención integral de xénero e de antidiscriminación, accesibles a toda a poboación.

Por iso, un ano máis, os Concellos, Deputacións, Cabidos e Consellos Insulares reunidos na FEMP queremos:

- Convidar a todas as Entidades Locais a adherirse a esta Declaración e a poñer voz a todas aquelas situacións que non por ser silenciosas ou invisibles son menos reais.

- Urxir á aprobación dun acordo local para a recuperación postcovid que inclúa o desenvolvemento de medidas específicas cara ás persoas LGTBI co fin de garantir o exercicio da súa liberdade, con plena seguridade.

- Condenar enerxicamente calquera forma de violencia que teña na súa orixe a orientación sexual e a identidade de xénero.

- Recoñecer a contribución, o traballo e o esforzo das organizacións do terceiro sector que traballan en prol da igualdade, en defensa dos dereitos humanos e na promoción e protección dos dereitos fundamentais das persoas LGTBIQ.

- Ratificar a necesidade de investir en políticas en favor da diversidade sexual e a non discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero a través do desenvolvemento de programas e proxectos de atención, información, formación, sensibilización e concienciación, que fagan das nosas cidades e pobos espazos seguros para a diversidade sexual en todas as súas manifestacións.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: A proposta que fai a presidencia é a declaración institucional acordada por unanimidade dende a FEMP, se acepta a declaración unánime?

SR. PÉREZ CORREA: Simplemente unha cuestión de orde, nós obviamente estamos de acordo coa declaración da FEMP, non temos ningún problema de feito a miña organización política é asinante, si que nos gustaría que se nos explicara porque tanto o BNG como a Marea de Vigo presentamos dúas propostas de declaración, fixemos un esforzo de fusión das mesmas nunha proposta que ademais é coincidente na maior parte dos puntos coa declaración da FEMP, cremos que superaba algunhas cuestións de debates que se están a abrir dentro do movemento LGTBIQ e cuestións que teñen que ver con debates profundos da sociedade e nos gustaría saber cal é o motivo porque entendiamos que non había ningún problema.

PRESIDENCIA: O motivo é que o grupo maioritario e o Presidente do Pleno propón a proposta da FEMP, adoptada por unanimidade e aprobada en practicamente en todo o territorio español e nos parece que é a forma máis común de proceder que por acordo, acordo co que está de acordo o grupo Popular tamén e polo tanto o presidente lle parecía que a mellor forma de apoiar esta mobilización e de apoiar este día, é propoñer algo que está sendo practicamente de forma unánime, aceptado en toda España.

Procedemos á votación polo tanto?

SR. PÉREZ IGLESIAS: Unha cuestión de orde Sr. Alcalde para que se clarexe o que ten que ver co BNG non discrepamos en absoluto do texto, do contido do texto en todo caso para que se clarexe en que idioma vaise someter a votación á consideración deste Pleno esta proposta de declaración institucional.

PRESIDENCIA: Xa se está a propoñer en galego por parte do Presidente neste momento, falando en Galego.

Non se debe facer dos erros burocráticos temas políticos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Clarexado entón.

PRESIDENCIA: Procedemos á votación

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aprobar o acordo transcrito na parte dispositiva.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

.- MOCIÓNS:

3(71).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, INSTANDO Á XUNTA E AO CONCELLO AXUDAS DE XEITO URXENTE PARA O SECTOR DO COMERCIO E HOSTALERÍA LOCAL, ANTES DO INICIO DA CAMPAÑA DE VERÁN. REXISTRO PLENO 2459/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño de 2020, número 2459/1101, o voceiro e a concelleira do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e a Sra. Mendez Fuentes, formulan a seguinte,

“MOCIÓN INSTANDO AO PLENO DO CONCELLO DE VIGO A SOLICITAR DE XEITO URXENTE AXUDAS PARA O SECTOR DO COMERCIO E HOSTALERÍA LOCAL ANTES DO INICIO DA CAMPAÑA DE VERÁN

Dende o inicio da crise da COVID-19, tanto no Pleno do Concello como nas accións e anuncios promovidos polo goberno local, asegurose que un dos piares da acción pública institucional para paliar as posibles afeccións económicas desta pandemia serían os programas de apoio ao comercio local, sector hostaleiro máis exposto á dependencia estacional e turística e aos pequenos autónomos da nosa cidade.

Diversas reunións entre representantes do sector, varios escritos e mocións da oposición a este Pleno, amplos consensos políticos nesta corporación, horas e páxinas nos medios locais anunciando grandes actuacións, etc... durante 3 meses fixeron albergar a un sector económico esencial da cidade a existencia dun apoio audaz por parte do goberno local. A evidencia é, que a día de hoxe, non existe ningunha medida concreta máis aló do aprazamento de pago de impostos municipais (que supoñen menos do 10% do gasto contable dun comercio medio na nosa cidade) e de afirmar que se seguirá coa rebaixa da taxas das terrazas que dende hai anos xa se ven aplicando na cidade.

Esta situación provocou a remisión, por parte de 16 asociacións de comercio e hostalería dun escrito esixindo medidas concretas xa, especialmente motivado porque, en sucesivas xuntanzas, se lle prometeran medidas concretas e inmediatamente análogas aos procesos de apertura dos negocios que quedarán pechados durante o confinamento da poboación e o cese forzoso da actividade.

Medidas ademais que se tomaron na práctica totalidade dos grandes municipios do Estado e de Galicia, orientándose, debido á urxencia da situación, a liñas de axuda directas para a apertura segura dos negocios, a adquisición de equipamento de protección e seguridade de traballadores e traballadoras e clientes e mesmo a colaborar nos custes dos negocios (alugueiros, consumos, seguros, etc...) durante os meses de cese de actividade.

Ante o proposto por estas asociacións agrupadas na Federación de Comercio de Pontevedra que representan a práctica totalidade do sector na nosa cidade, consideramos necesario que volva tratarse no Pleno a adopción de medidas concretas, tanto no referente a modificacións orzamentarias que doten de recursos, como no relativo a esixir á Xunta de Galicia que derive os recursos públicos transferidos polo goberno central para a reconstrución económica a axudas directas a este sector de extremada importancia en Vigo. Pois as axudas da Xunta non foron máis aló de tímidas propostas de subvención de máscaras e xeles (apenas 16 millóns de euros para toda Galicia) e non hai que esquecer que as competencias en materia de comercio e promoción económica, aínda que poden ser completadas polos concellos atendendo á Lei de Bases e a criterios de benestar da poboación, son principalmente competencias autonómicas que hoxe se exercen de xeito absolutamente precario.

POLO EXPOSTO O PLENO DO CONCELLO DE VIGO ACORDA:

- PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galicia a adicar ao comercio, hostalería e autónomos de Vigo unha cantidade non inferior aos 10 millóns de euros en

base ao peso específico no PIB local e no emprego destes sectores económicos

- SEGUNDO. Instar ao Concello de Vigo a realizar as modificacións orzamentarias seguintes para empregar créditos de partidas importantes sen execución previsible no 2020:

-PROMOCIÓN TURÍSTICA DESTINOS RUTAS AÉREAS: 2.855.200€

-FESTAS DE VIGO: 1.900.000€, do que propoñemos utilizar 900.000€ en programas de axuda ao comercio e hostalería local.

-Investimento mellora BALAÍDOS: 3.800.000€ que non se executarán en 2020 e mais unha partida adicional ate completar, con remanente de tesourería e superávit, un importe de 8 millóns de euros.

- TERCEIRO. Reactivar a Mesa Municipal do Comercio Local como instrumento que priorice os destinos finais destes recursos e que sirva como órgano de traballo permanente entre comercio local e administración pública.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: É recorrente dende que comezou esta situación terrible que están a vivir centos de familias pero o conxunto da sociedade do estado español, a sociedade galega e o conxunto das sociedades europeas pois é recorrente un debate sobre que vimos de sufrir, cal é a situación que nos deixa esta pandemia, e recorrente tamén que veña a este Pleno determinadas solicitudes por parte da oposición en forma de explicacións, pero tamén en forma de rexistro de documentación que fixemos ao longo dos meses e incluso nos meses por parte do que nos toca a nós como grupo municipal da Marea de Vigo no primeiro mes da pandemia porque intuíamos que unha paralización económica ía provocar pois unha situación moi difícil e nun sector que nos últimos anos se converteu no sector motor que tira do PIB no conxunto da nosa cidade que é o sector da hostalaría, comercio pequeno as micropemes, o sector dos autónomos, 19.000 autónomos que temos na nosa cidade, moitos deles por desgracia dependentes e só dun cliente, esa situación nos fixo propoñer que era necesario artellar unha serie de medidas para un sector que da noite a maña tiña que paralizar, un sector que timidamente saíra da crise ou das múltiples crises que arrastraron este país entre a partir do ano 2008 e un sector que ademais que comezaba a demandalo do conxunto das administracións públicas, nós queríamos que este debate non fora,

ademais toda vez que sabemos que hai anuncios, que houbo reunións, que sistematicamente se nos dixo que se estaba en contacto co comercio, hostalaría, cos pequenos e medianos empresarios para sacar adiante unha liña de axudas ou unha liña de decisións administrativas por parte do goberno municipal, que axudaran a vencer esta situación economía que se daba nese momento pero sobre todo que se da agora no proceso, suposto proceso da volta á nova normalidade, e nós entendíamos que o debate tiña que ser sobre o que quere facer o Concello de Vigo, claro que a Xunta de Galicia ten responsabilidades, ten competencias, algunhas delas de carácter moi marcado como é a promoción económica ou como é consumo, pero nós entendemos que nos toca ao Concello de Vigo dunha vez por todas clarexar que se pretende facer e por iso nesta moción propoñemos e dicimos que hai competencias autonómicas, que hai axudas, por certo a Xunta de Galicia si abriu liñas de axudas para nós absolutamente insuficientes, 16 millóns de euros vinculados a través do IGAPE para o conxunto dos negocios, da hostalaría de Galicia, é absolutamente insuficiente por isto esta moción pide que se incremente esa cantidade, pero rigorosamente é certo que a día de hoxe as axudas na forma de axuda directa en base a Lei de subvencións e o que nos consideramos que é competencia dos concellos e que o conxunto dos concellos do estado español están asimilando como normais, Madrid, Valencia, en base a Lei de subvencións están a sacar recurso de axudas directas para precisamente paliar os efectos desta pandemia no conxunto dos negocios, pois a nós nos gustaría que non se anulara a posibilidade de explicarnos que pretende facer o Concello de Vigo coa escusa que se lle deu a 16 asociacións de hostaleiros e comerciantes dicindo que as competencias son autonómicas, porque iso sería colocar a Vigo como o único gran concello do país que entende que non pode habilitar axudas directas porque o están a facer o conxunto dos concellos deste país, dunha maneira ademais suficientemente anticipada para permitir redactar unhas normas, publicalas nos boletíns oficiais, aprobalas nun Pleno e que a día de hoxe os comerciantes, os hostaleiros das grandes cidades deste país, estean recibindo xa axudas directas dos concellos, xa axudas directas das administracións autonómicas e no Concello de Vigo a día de hoxe, salvo algunhas cuestións como son os atrasos nos pagos de impostos municipais pois non coñecemos e por que o traemos a Pleno? Porque o imos a traer sistematicamente ata que se nos diga cal vaia a ser esa liña de

axudas, ese programa de reconstrución anunciado, e esas medidas que nós consideramos que teñen que saír de dúas vías, unha vía do recursos propios e propoñemos aquí na moción unha serie de modificacións orzamentarias de partidas que sabemos que non se van a executar no que queda ou polo menos entendemos que vai a ser moi difícil executar no que queda de ano e tamén para reactivar instrumentos de diálogo entre os sectores, entre estas 16 asociacións que remitiron un escrito en maio absolutamente claro e meridiano de que queren medidas concretas antes de volverse a reunir telematicamente ou de calquera das vías que se queiran artellar e volver a reactivar unha mesa de comercio. Poderíamos entrar nos detalles do que queremos pero como xa os rexistramos en marzo seguimos pensando que esas son as medidas que ten que asumir un concello, un concello ademais cunha situación económica saneada como o Concello de Vigo.

SR. PEREZ IGLESIAS: En primeiro lugar temos que principiar por lamentar que nesta sesión plenaria o goberno municipal non traia nin un so expediente de tramitación ordinaria, non hai ningunha proposta de acordo nun contexto no que outras corporacións locais están obviamente tomando decisión, aprobando acordos porque urxe poñer en marcha políticas para enfrontar os enormes retos sociais, económicos, laborais que presenta a crise da COVID-19. Outros concellos, nalgúns casos con moitos menos recursos que o Concello de Vigo xa puxeron en marcha medidas concretas en apoio do tecido comercial e produtivo, porén ata o momento o goberno municipal de Vigo só ofreceu boas palabras mais o problema disto é que nin os anuncios, nin as promesas, nin as boas palabras evitan o feche de negocios nin a destrución de emprego. O BNG xa lle trasladamos nas primeiras semanas da crise da COVID-19 a través dun escrito dirixido ao Comité de seguimento que era o momento de comezar a preparar xa daquela para anticipar a resposta, as medidas extraordinarias que xa sabíamos nesa altura que ía haber que implementar para atender estas circunstancias, e nese sentido o BNG concordamos coa proposta de moción que trae a Marea de Vigo que imos apoiar e a que lle formulamos unha emenda de engádegas cun obxectivo claro que é precisamente o da concreción, o de concretar algunhas medidas recollendo algunhas das demandas máis importantes que ten trasladado de maneira reiterada o tecido comercial da cidade,

a posta en marcha dunha liña axudas directas de ata 5.500 euros para autónomos, PEME e sector comercial afectado pola COVID-19, o impulso dunha liña de micro créditos ata 5.000 euros, a pagar, a devolver sen xuros nos próximos 5 anos e acometer dunha vez por todas a modificación das ordenanzas fiscais deste exercicio que permita implementar novas bonificacións e desta maneira reducir a presión fiscal das PEME, é o momento de actuar, o sector comercial nolo está urxindo e temos que darlle esa resposta.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Benvidos a este Pleno que lamentablemente non trae nin un só asunto ordinario nin unha só modificación orzamentaria, eu quero aproveitar a súa presenza hoxe aquí, Sr. Alcalde, presenza extraordinaria por insólita pero para animarlle a que non sexa só neste Pleno un cronometrador oficial nunha competición deportiva tendo os tempos e veña a facer algunha proposta sobre isto que se propón hoxe aquí que xa propuxemos tódolos grupos políticos representados nesta Corporación, ao que o PSOE non se opuxo, daquela cando estábamos confinados e lle tendíamos a man e fixéramos unha proposta neste sentido e a nós nos gustaría oír de aquí hoxe ao Sr. Alcalde cando se fala do comercio e da hostalaría de Vigo que se fale de algo máis de futuribles ou de propostas, que se fale de medidas concretas, de medidas concretas Sr. Alcalde, xa está ben de titubear, de dar bandazos, de abro as praias, deixo comer, non deixo comer, poño un sándwich non o poño, poño cintas as deixo de poñer, abro os parques infantís, non os abro, xa está ben de titubeos, neste asunto non hai que titubear, eu invítolle a que aproveite a súa presenza aquí para facer un compromiso económico a favor do comercio e da hostalaría viguesa como fixeron xa tódalas cidades galegas, tamén Pontevedra que ao principio dixo que non e agora di que si, A Coruña 13,2 millóns de euros nun plan de axudas para micropemes e autónomos aprobado por unanimidade, Lugo reanima Lugo, 4 millóns de euros, Ourense 20 millóns de euros, a Deputación pon 8,2 millóns, Santiago de Compostela, o comercio miúdo recibirá 1 millón de euros, Ferrol, Narón, As pontes, Ortigueira, Pontedeume, xuntos fixeron un plan de reconstrución a favor do tecido empresarial das micropemes e autónomos da comarca ferrolá, como dicíamos Pontevedra e tamén os seus homólogos Sr. Alcalde das grandes cidades españolas, por exemplo, o seu compañeiro de Valladolid que ten 298.000

habitantes e que ten un plan de apoio ao comercio de 3,5 millóns de euros ao que se suman outros 4 millóns de mantemento de emprego. Alicante, 335.000 habitantes, 5 millóns de euros, Gijón 272.000 habitantes, un plan plurianual xigantesco de 50 millóns de euros, Bilbao, 346.000 habitantes, 5 millóns de euros, Sr. Alcalde a situación de Vigo, do comercio, da hostalaría, das micropemes e dos autónomos vigueses é de absoluto prexuízo comparado co resto das cidades galegas, aquí hai unha discriminación e a discriminación é simplemente porque o goberno non pon enriba da mesa unha proposta de axuda, a Xunta de Galicia o fixo xa, nos imos a votar a favor da proposta de Marea de Vigo e do BNG como fixemos con tódalas axudas ao comercio e á hostalaría porque é o que nos importa, aínda que digan que a Xunta de Galicia pon poucos cartos, pois terá que poñer máis, seguro que poñerá máis, pero ten financiamento de 250 millóns de euros para avalar a cada negocio ata 200.000 euros para atender as necesidades inmediatas, 16 millóns de euros no programa reactiva comercio, tamén subvencións para as asociacións de comerciantes sen fin de lucro, para a revitalización do comercio de cercanía, para a innovación, dixitalización, medidas hai, o importe será discutible como digo imos a votar a favor o que non hai é medidas no Concello de Vigo, Sr. Alcalde, eu xa anticipo que haberá unha discusión competencial e que a Xunta de Galicia pon ou deixa de poñer, a Xunta de Galicia pon pero o Concello de Vigo ten que poñer tamén porque senón a situación é discriminatoria con respecto ao comercio doutras cidades galegas e con respecto tamén a outras cidades españolas. Este é o escenario galego, das grandes cidades, o apoio do Concello de Vigo ao comercio e á hostalaría neste momento é de cero euros, e levamos xa 4 meses, seguen abrindo moitos comercios e moitos deles cando pechan ao final da xornada do día ao seguinte xa non abren, estamos vendo polas rúas, alégase, en moitos establecementos da cidade, xa non poden continuar así. Eu invítolle de novo a que a súa presenza no Pleno hoxe sexa produtiva e non nos fale dun plan de reactivación que está ben pero que non chega, do que non temos ningún papel e que poña enriba da mesa medidas concretas a favor do comercio da hostalaría e se deixe de dar bandazos e de titubear.

SR. RIVAS GONZÁLEZ : Bos días compañeiros/as e en definitiva para a sociedade en xeral. Tamén, este COVID-19 xerou un problema grande para o sector que saíu

prexudicado como o sector do comercio e tamén sabemos que o comercio é sinónimo de vida, de socialización, negocio, de entretemento, de creación de emprego, e como non de economía da que este Concello sabe moito e que ven traballando a reo en todo isto. Tamén todos sabemos que as competencias en comercio son da Xunta de Galicia e así o recolle o propio Estatuto, por certo, Sr. Pérez, quero facer incapé no Concello e moi pouco na Xunta de Galicia, quero que lle quede claro que as competencias en comercio na súa totalidade son da Xunta de Galicia, pero tamén teño que dicirlle Sr. Pérez que de tódolos xeitos, aínda que as competencias son da Xunta de Galicia este goberno liderado polo Sr. Caballero fomentando o pequeno e mediano comercio á hostalaría, á restauración, ao turismo en xeral e así veno facendo ao longo de tódalas lexislaturas que leva ao fronte neste Concello, e o ven facendo con distintas actuacións de dinamización que levan consigo investimentos moi importantes en campañas nacionais, eventos puntuais, nos mercados municipais que se remodelaron na súa totalidade, en musicais, en actuacións, na campaña de Nadal que foi algo inédito e histórico que o que fixo foi xerar nesta a cidade para Galicia e para España, ilusión, expectación, tamén xerando dúas campañas importantes económicas nesta cidade, unha de verán e outra de inverno e como non aí está este goberno dando a cara e defendendo permanentemente ao pequeno e mediano comercio. Hai que dicir tamén que nesta crise o goberno do estado e eu quero poñer en valor dende aquí, o traballo neste momento dende o Estado de Alarma puxo políticas encamiñadas como non para a defensa do pequeno e mediano comercio para todos estes autónomos que vostedes falaban aquí, todos eses autónomos tiveron a posibilidade de ver como se lle aplicaban as prestacións extraordinarias para esa actividade, tamén como non, os ERTes que foron os grandes baluartes para que o comercio hoxe en día estea en marcha, estea en vigor e siga funcionando como o ven facendo. E como non, pois con medidas importantes nas moratorias nos pagos, os aprazamentos nas vendas fiscais, tributarias ou hipotecarias, e así veno a facer o goberno do Estado asinándose tamén este goberno municipal que ven a traballar a reo. Pero non miramos así á Xunta de Galicia Sr. Marnotes, onde están? Que vai facer a Xunta de Galicia? Vostede fala de discriminación, discriminación é a Xunta de Galicia aos pequenos e medianos comercios desta cidade, menosprezándoos porque non pode simplemente dicir que comprase 300

maskarillas a un colectivo que así solucionou, ou dicindo que lle fai un curso ou un plan de formación ou que lle facilita uns créditos a devolver que non todo o mundo necesita e pode chegar a eles, 16.000 millóns de euros Sr. Marnotes, dicirle que para todo Galicia con mais de 30.000 comercios iso é simplemente 300 euros por comercio, por iso que Sr. Marnotes nos queremos que dende aquí a Xunta de Galicia teña tempo, e non sexa só con palabras. Así que quero agradecer a Mareas por poder falar do comercio, do que realmente se pretende levar adiante, o Alcalde estes días falaba dun Plan de dinamización porque despois de ter distintas e longas conversas, videoconferencias, presenciais, telefónicas, levaremos un Plan adiantes, un plan que será o máis importante que vai ter Galicia que vai a ter pequeno e mediano comercio desta cidade, e vaino e imos a estar orgullosos porque será un Plan importante, e así estaremos traballando para ter un proxecto de defensa do pequeno e mediano comercio, defendendo por certo, tódolos intereses e non permitindo a implantación de grandes superficies aquí. Mire Sr. Pérez, nesta cidade o comercio hai un defensor del, e ten nome e apelidos, chámase Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero.

SR. PÉREZ CORREA: Precisamente nós o que queríamos evitar era que para falar de que medidas pode tomar o Concello para a axuda do comercio e da hostalaría, de que medidas pode tomar a Xunta de Galicia ou o goberno central, porque o concelleiro de Comercio acaba de citar todas e cada unha das medidas que toma o goberno central e nos queremos falar das medidas que toma o Concello de Vigo e o debate competencial nós non compramos ese relato porque no debate competencial que saiban vostedes que o 40% do gasto que fai o Concello de Vigo non son competencias propias e ademais tódolos concellos asumiron, en base a Lei de bases, que ante unha situación de emerxencia dos seus veciños ían asumir competencias en promoción económica porque o fixeron tódolos concellos deste país de máis de 50.000 habitantes, podería incluso arriscar a dicir, salvo o Concello de Vigo e algún máis, por situación e no caso doutros concellos porque teñen unha situación financeira e unha situación da súa caixa desastrosa, cousa que non ten o Concello de Vigo e que polo tanto o Concello de Vigo tería que ter a capacidade de ler á sociedade que teñen o resto dos concellos do país, que claro que as competencias son da Xunta de Galicia, pero que o Concello pode asumir unha

acción inmediata e vou poñer un exemplo, o Concello de Vigo de maneira positiva e de maneira para nós exemplar, tomou decisións en materia de política social e de cobertura urxentes e nós felicitamos o traballo que fixo a concelleira Sra. Aguiar, tomou unha serie de medidas que tampouco son competencia directa dos concellos en moitos casos, e a lectura é que as tomamos pola situación dos nosos veciños, e se seguen tomando, eu discrepo das colas, discrepo deste modelo, pero poño en valor que se estean tramitando incluso o esforzo da propio concelleira a Sr. Aguiar ou o Sr. Losada que estiveron intentando corrixir a situación que se fixo no primeiro instante para nós un desastre do sistema de colage, pero tomáronse decisión para tramitar unha axuda na que o Concello de Vigo non ten porque participar porque é o Instituto nacional da Seguridade Social a que tería que en todo caso asumir a xestión do Ingreso Mínimo Vital, queremos que fagan o mesmo en Comercio e a nós nos valen e imos a asumir as propostas que nos traslada o BNG, son concorrentes coas que nos presentamos por escrito no mes de marzo e nos vale a lectura que fixo 16 asociacións, que lle mandaron unha carta ao Alcalde na que lle din que efectivamente despois de moitas reunións o resume das reunións é que as competencias de Comercio non son municipais e se nos solicita un novo documento de propostas, xa está ese documento de propostas, non só das asociacións senón tamén de nós e remata a carta, que de haber algún tipo de reunión para tratar este asunto sexa xa con medidas concretas enriba da mesa e con convocatoria conxunta de tódolos asinantes deste documento, e iso non se produciu e eu podo entender que vostedes pensan que nós non falamos con ninguén, que somos unha especie de uraños que vimos ao Pleno e logo imos a unha caverna onde pasamos o resto dos días, pero falamos con moita xente e están esperando as propostas e isto é o que pretende esta moción.

PRESIDENCIA: Sometemos a emenda a votación primeiro e despois o conxunto da moción.

SR. PÉREZ CORREA: Se aceptamos a emenda tense que votar, pregunto?

PRESIDENCIA: Está aceptada? Si pero hai que votar a emenda. Temos que votar a emenda.

SR. PÉREZ CORREA: Eu pediría entón que sexa para outros procesos e noutras ocasión non se vota, simplemente que se clarexe para tódolos procesos e tódolos plenos.

O concelleiro membro non adscrito presenta a seguinte emenda de engádeda:

Primeiro.- Engadir os seguintes novos acordos:

CUARTO.- Instar o Goberno municipal a crear unha liña de axudas directas, por importe de até 1500 euros, para autónomos, sector comercial e pequena e mediana empresa afectada polo impacto da crise da Covid19.

QUINTO.- Instar o Goberno municipal a promover, a través do convenio con algunha entidade financeira, a creación dunha liña de microcréditos municipais para o pequeno comercio, con préstamos sen xuros de até 5 mil euros a devolver nos próximos 5 anos.

SEXTO.- Instar o Goberno municipal a modificar as ordenanzas fiscais municipais deste exercicio para habilitar, con carácter extraordinarios, bonificacións e o pago aprazado sen recargo no ano natural en impostos e taxas como o IBI, o recibo da auga ou a recollida do lixo para PEMEs e autónomos."Vigo, Galiza, a 29 de xuño.

Ao seren aceptada polos concelleiros relatores da moción a emenda de engádeda presentada polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, procédese á votación.

VOTACIÓN DA EMENDA: Con sete votos a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e vinte abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, acórdase incluír a emenda de engádeda no texto da moción.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con sete votos a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e vinte abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.06.2020 (Rex. Nº 2459/1101), polo voceiro e concelleira do grupo municipal Mixto, Sr. Pérez Correa e Sra. Mendez Fuentes, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo, maila emenda de engádeda.

4(72).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A DESMARCARSE DA POSICIÓN POLÍTICA DO PP EUROPEO E DOS EUROPARLAMENTARIOS ESPAÑOIS DO PP, CONTRARIOS A QUE ESPAÑA RECIBA FONDOS DA UE PARA A RECONSTRUCCIÓN ECONÓMICA. REXISTRO PLENO 2465/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2020, número 2465/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“As consecuencias económicas da COVID19 obrigarán á adopción de medidas económicas en todos os ámbitos territoriais.

Hoxe é unha opinión unánime que a UE debe apoiar aos países máis castigados pola COVID19 nas políticas de reconstrución económica posteriores á crise sanitaria.

O goberno de España realizou propostas que contan con importantes apoios no seo da UE que recoñeceron a súa necesidade e a xustiza na distribución entre os países máis afectados.

Preto de obter un consenso na UE sobre a proposta española e outras similares, o Partido Popular Europeo (PPE) ameaza con que España non reciba o apoio económico imprescindible para a reconstrución.

Hai un sector de Europa que acusa os países do sur de malgastadores e é moi preocupante que os eurodeputados de España do Partido Popular compartan esta posición.

A reconstrución económica da cidade de Vigo non está a contar coa implicación do goberno de Nuñez Feijóo. A obtención dos fondos da UE vai marcar o futuro de España e, en consecuencia, da cidade de Vigo.

Por iso é imprescindible que o Presidente de Galicia desmárquese de forma contundente da posición ameazante para os intereses de España e de Vigo do seu partido político e dos seus europarlamentarios.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar o Presidente da Xunta de Galicia a desmarcarse da posición política do Partido Popular Europeo e dos europarlamentarios españois do PP contraria a que España reciba fondos da UE para a reconstrución económica posterior á crise sanitaria que serán tan necesarios para a cidade de Vigo.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Esta moi reiterado neste salón de Plenos que as consecuencias económicas da pandemia van a obrigar a tódalas administracións a adoptar medidas e é verdade que os concellos e aquí o fixemos ,estamos reiterando a nosa petición de gastar os nosos aforros nesta batalla que certamente é crucial, e nesa batalla de poder gastar os aforros e destinalo ás consecuencias económicas que vai a ter esta pandemia, o Alcalde de Vigo na súa condición de presidente da FEMP leva loitando xa anteriormente por conseguir este obxectivo pero agora

evidentemente dunha forma especial e é tamén que os concellos, é certo, que os concellos reivindicamos o que se dispoña dun fondo adicional dende o goberno central e tamén dende as autonomías, quero lembrar que no Pleno do mes pasado aprobamos aquí precisamente unha moción na que se instaba á Xunta de Galicia a unha implicación en favor dos concellos coa creación dun fondo de 300 millóns, porque evidentemente os concellos foron os primeiros en actuar e aquí se recoñeceu, a resposta do Concello de Vigo en tódolos aspectos, non só no tema de política social que si, especialmente porque eran as necesidades inmediatas foi esa resposta certamente inmediata, pero neste contexto hai un escenario absolutamente fundamental e é a implicación da Unión Europea na reconstrución do conxunto da Unión pero dende logo de forma especial en aqueles países como España que foron especialmente prexudicados e que estamos certamente afectados por esta crise de COVID-19. E a coincidencia é absolutamente xeneralizada, a Unión Europea debe apoiar esta reconstrución, tódalas voces se levantan no sentido de que é neste momento cando a Unión Europea debe de ser máis Europa que nunca e certamente neste proceso de reconstrución, España a través, por suposto do seu goberno estatal, está tendo un protagonismo certamente especial nas propostas que está a facer.

Se fixo unha proposta que inicialmente estaba en torno ao billón de euros pero que quedou en que é moi posible que exista un consenso sobre unha proposta de apoio de 750.000 millóns de euros, estas propostas do goberno de España foron apoiadas por moitos países pero cualitativamente debemos de sinalar que Francia e Alemania apoiaron e están recoñecendo a achega que dende o goberno de España se fixo, hoxe precisamente deberemos de ter un aliado cando Alemania inicia a presidencia da Unión Europea. Se este é o escenario, se esta é a posibilidade de reconstrución, traemos esta moción porque estamos certamente ante unha ameaza, hai países en Europa que consideran que os países do sur son despilfarradores e o lamentable de todo isto é que o Partido Popular europeo se apunta a esta teoría, é indignante que europarlamentarios españois do Partido Popular estean nesta teoría e evidentemente entendemos que como país ao menos é o momento de pechar filas e é lamentable que dentro da nosa representación política daquela que debería de funcionar de forma unida nas alternativas na Unión Europea no Parlamento europeo, se poñan trabas. Polo tanto,

a tódalas formacións políticas españolas se lles debe de pedir que pechemos filas neste sentido, certamente o Partido Popular en moitas ocasións non se distingue por esta posición de país, por esta posición de apoiar ao goberno do estado, recordamos perfectamente cando o Sr. Aznar chamade pedigüño ao Sr. Felipe González porque simplemente defendía a este país. E resulta que o Presidente de Galicia o Sr. Feijóo, cando están en xogo os seus intereses persoais soe terzar nas posicións do seu partido, vemos as polémicas que mantén e polo tanto, agora en defensa de Galicia, en defensa de Vigo, que se xoga nestes fondos da Unión Europea o seu futuro é necesaria a posición nítida do presidente de Galicia que se desmarque deses europarlamentarios e fixe posicións.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o BNG queremos comezar por facer unha reflexión e que esta crise na nosa opinión está poñendo en evidencia como a chamada construción europea non é un proceso ao servizo dos intereses sociais e dos pobos porque as enormes tensións e dificultades que está a haber no ámbito europeo para acordar un plan de reconstrución contrastan coa axilidade que si tivo Bruselas para rescatar o grande capital bancario e financeiro na crise do ano 2008, iso si, da man dos homes de negro. En todo caso, o BNG imos apoiar esta moción do grupo municipal Socialista, coincidindo no reproche ao comportamento do Partido Popular que volve xogar a máis dunha vez a canto peor mellor, o que pasa que xoga a canto peor mellor, no momento para facelo e cando estamos a falar dunha cuestión tan importante como son os recursos extraordinarios dos que se poida dispor para afrontar aos restos sociais e económicos derivados da crise do COVID-19.

Non tanto dende o Bloque Nacionalista Galego queremos expresar a nosa preocupación sobre dous aspectos, en primeiro lugar sobre como se van distribuír eses recursos a nivel territorial dentro do estado español toda vez seguimos asistindo a un deseño de distribución económica, de recursos económicos que non atende as necesidades específicas que ten Galicia e que temos os concellos galegos, e en segundo lugar o noso temor, a nosa enorme preocupación a respecto da letra pequena dese plan Marshall europeo dos condicionantes, das condicións, da condicionalidade que se vai impor para poder facer uso deses recursos e por últimos quero lamentar a negativa do goberno español reiterada por parte da ministra de Facenda, aínda hai poucas horas, a liberar completamente o uso de

excedentes e remanentes dos concellos, o Alcalde de Vigo presume de ter liña directa co goberno de España, descolgue o teléfono e dígalle a ministra que queremos facer uso dos recursos da cidade.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: O Partido Popular está malogrando na Unión Europea para tentar tumbar o lexítimo goberno de coalición do estado español e así ven a denunciar no Parlamento europeo os eurodeputadas/os do grupo dos Verdes, do grupoconfederal da Unión Europea e do grupo Socialistas europeos, dos Eurodeputados/as representantes de distintos grupos e procedentes de distintos países. En primeiro lugar, compre lembrar xa que se trae esta moción, as actuacións da Sra. Monserrat que é a Presidenta da Comisión de Peticións e lonxe de actuar seguindo do ditado do tratados incumprimos en tanto que a presidenta da Comisión de Peticións reservando por tanto un enfoque coherente, xusto e sen prexuízos políticos nas súas decisións, utiliza o seu papel institucional para frear as decisións que proceden dende de puntos de vista que non lle interesan ao Partido Popular e para dar luz verde a aquelas que proceden directamente de membros da dirección do Partido Popular, tódolos membros da Comisión de Peticións, procedentes de distintos países e espectros políticos, manifestan sobre ao abuso do Partido Popular á hora de levar asuntos partidarios e destinados a danar a imaxe do goberno do Estado español nesta Comisión. O Partido Popular en Europa en alianza con Vox, decidiu levar o discurso da inspeccións tamén as institucións europeas, aliouse cos que reclaman recortes ao pobo a cambio dos fondos do Plan de Reconstrución. O Partido Popular en Europa está preocupado e ocupado en seguir a senda que lle marca Vox e non en protexer a sanidade pública, o dereito á vivenda, á educación pública e a atención á dependencia, actúa contra as necesidades da maioría social porque nin coñecen nin queren recoñecer estas necesidades.

O Partido Popular está como digo, manobrando para que se condicionen axudas europeas a que o executivo español renuncie ao seu programa de goberno. Os cartos do Plan de Reconstrución non poden servir xamais para derogar a reforma laboral dicía a Sra. Montserrat, súmanse así o Partido Popular en Europa ao club dos da troika liderado por Holanda, un paraíso fiscal e o seu programa presume ser máis de devolución máis préstamos, e regreso ao pacto de estabilidade. Entre a

débeda e a xente, o Partido Popular escolle a débeda, certamente o Partido Popular debería reflexionar sobre presentarse por Austria ou con Holanda porque defende os seus intereses ante a maioría social do estado español. É unha actitude coherente, lamentable, pero coherente o candidato do Partido Popular á presidencia da Xunta de Galicia non se desmarcou desta posición do Partido Popular en Europa como sinala esta moción, porque comparte a receita neste caso para Galicia e para as traballadoras/es galegos e en consecuencia tamén para o pobo de Vigo.

Privatizacións e recortes nos servizos públicos, deterioro das condicións laborais e deterioro da calidade dos servizos, mentres alimenta e premia o seu narcotizado como se viu no caso fragante de conceder o premio Galicia no 2019 a Josefina Fernández executiva de Dobles Vid, pola labor de expansión dese tétrico negocio que xoga coa saúde e coa vida dos nosos/as maiores. Votaremos a favor desta moción pensando na maioría das viguesas/es, na necesidade dunha actitude construtiva e comprometida dos representantes públicos e fronte ao discurso de odio e das mentiras do Partido Popular.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Dicir que o Partido Popular non quere que veñan fondos europeos a España é unha auténtica mentira, tamén vostedes que o Partido Popular, o PSOE, Ciudadanos e Podemos en Europa enviaron unha carta conxunta ao Consejo de Prensa de Plan de Recuperación, sabíano? E vostedes nos acusan de pactar cos “alcones” as mentiras teñen as patas moi cortas, a unidade dos partidos especiais de Bruselas é sagrada, a carta di, “la solidaridad va de la mano con la responsabilidad, detallar un plan de reconstrucción del dinero es también describibilidad, los mercados de deuda necesitan saber que recobrarán sus prestamos e nos oponemos a cualquier reducción del Plan. La unidad de los partido españoles en Bruselas é sagrado, representan a España antes que a sus partidos”. Esta carta se logra por consenso, polos principais grupos e partidos políticos do Parlamento Europeo, mostra unha vez máis que hai que gobernar con política Europea, celebramos este Plan de Reconstrucción polos máis afectados polo COVID-19 pero sobre todo porque o considero o momento histórico en que naciones europeas empezamos a monopolizar os nosos tesouros públicos.

Saben vostedes que a presidenta da Comisión que impulsou a recuperación dende o Partido Popular europeo? Saben quen está bloqueando o Fondo de Recuperación, que países son? Son Dinamarca, Suecia e Finlandia, son tres gobernos socialistas, oxalá os socialistas españois sexan capaces de convencernos. O Partido Popular presentou o Plan de Reformas para recuperar o emprego e recuperar a competitividade e a flexibilidade e protexer aos máis afectados e dende o Partido Popular non respaldamos ningún tipo de recorte asociado aos fondos europeos, avogamos por un bo uso do Plan de Recuperación. Os españois en Europa traballan unidos por España, e aínda busque aquí vostede romper esa unidade non o vai a conseguir, esta moción non ten nin base nin fundamento, máis que intentar enredar e desviar a atención porque existe goberno municipal, está tan preocupado polos fondos para Galicia e para Vigo, eu me pregunto, por que cando proclamou ao seu silencio, cando hai que esixir que Galicia reciba a parte que lle corresponde que é de xustiza, 16.000 de millóns fondo non reembolsables para sociedade non perdamos os preto de 300 millóns de euros aplicando uns criterios feitos a medida, para beneficiar as comunidades por que tampouco se escoita reclamar con rotundidade en España centos de millóns de IVA que recadou o goberno de España de Galicia, tamén dos concellos? Por que non sae a rúa a protestar cando non hai precedentes que o goberno de España confiscou 100 millóns de euros dos fondos de Galicia para políticas activas de emprego para fomentar aos traballadores de empresas? Gardan silencio, iso é defender a Vigo? Pero sobre todo porque o Alcalde e presidente da FEMP está tan calado ante as largas que lle dan ao goberno de España alonxara aos concellos porque están os remanentes para financiar gastos necesarios para paliar as consecuencias da pandemia que estamos vivindo. A realidade é que eses fondos non lles interesan, o único que lles interesa é enredar, e con esta moción dende logo os puxo en evidencia, por certo, se tan preocupados están polo que pasa en Europa súmense á reclamación da Xunta de Galicia para que habiliten fondos fundamentais para o desenvolvemento da nosa terra, de Vigo e que nestes momentos está en perigo, deixen de intentar enganar, de poñerse do lado dos seus compañeiro socialistas, socios do goberno, esquézase da súa obsesión do Sr. Feijóo e comece a poñerse do lado de Galicia e dos galegos porque iso é poñerse de lado dos vigueses é exactamente onde deberían de estar, votaremos en contra porque é unha mentira.

SR. LÓPEZ FONT: Eu a verdade quedo moi sorprendido co descoñecemento do Sr. Marco sobre a situación, escoitándoo parece que os grupos aquí nos estamos inventando o que hai unha posición contraria por parte do Partido Popular europeo ao que nos nós propoñemos nesta moción, é máis, co inicio da súa intervención case tiña a esperanza de que vostedes votaron a favor porque certamente fixo un canto a que estaban a favor do que se propoñía e demais e ao final resulta que o único que se buscaban evidentemente era escusas, confiscacións, era tal, non Sr. González e señores/as concelleiros do Partido Popular, aquí toca posicionarse, o Sr. Marnotes falaba antes de compromiso e iso é o que hai que facer hoxe aquí porque primeiro, o primeiro que quero clarear é que a posición dos concellos está, non perfectamente senón, moi ben defendida polo Alcalde de Vigo como presidente da FEMP, daba igual que o Ministro fose o Sr. Montoro, que a Ministra sexa a Sra. Montero, daba igual que o presidente do goberno fora o Sr. Rajoy que fose o Sr. Sánchez, a defensa sobre o Teito de Gasto, sobre a utilización dos remanentes por parte do Concello se teñen nome e apelido, como dicía anteriormente o Sr. Rivas, é o Sr. Abel Caballero. Polo tanto, nisto non ten que haber ningunha dúbida pero estamos a falar de Europa, Sr. González, estamos a falar dun proceso de reconstrución, estamos a falar dun proceso no que o goberno español lanzou unha proposta para poder reconstruír despois desta situación, e me sorprende, insisto moito o que vostedes descoñezan e o digan aquí, de que non hai unha posición contraria, non, hai unha posición contraria é verdade que hoxe hai unha informacións de prensa na que parece que tratan de suavizar vostedes esta posición, pero é precisamente o recoñecemento do contrario de todo o que vostede dixo, si me decato, porque esta é a realidade e o que hai que pedir é que o Sr. Feijóo, como presidente de Galicia, desmarcando, é máis, esixindo aos seus europarlamentarios que os hai galego, esixindo aos seus europarlamentarios que teñan unha posición de país, de apoio nesta fondo de reconstrución, teña que facelo e da mesma forma que se mete nos problemas de seu partido o que aquí ten que facer é defender a Galicia, que é defender a Vigo porque Vigo é Galicia e polo tanto, eu agradezo o apoio do concelleiro non adscrito, de Marea, porque creo que é a mellor demostración do moito que xoga Vigo e é tamén a mellor

demostración do alonxado que está o Partido Popular da realidade que acabo de comprobar que a descoñece totalmente.

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.06.2020 (Rex. Nº 2465/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

5(73).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A RECTIFICAR DE INMEDIATO NA PROPOSTA DO CHEQUE REGALO DE 250 EUROS AO PERSOAL SANITARIO E ATENDER AS SÚAS DEMANDAS LABORAIS, CESANDO AO CONSELLEIRO DE SANIDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2466/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2020, número 2466/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Todo o persoal sanitario de Galicia tivo un comportamento exemplar durante toda esta crise sanitaria consecuencia do COVID19.

A súa entrega, arriscando a súa propia vida, foi digna de eloxio por toda a sociedade. O aplauso das 20:00 horas era unha boa proba diso.

Ademais tratándose dun persoal que veu sufrindo recortes durante os últimos anos que sido denunciada de forma reiterada por todas as Organizacións Sindicais e representativas do colectivo. Hoxe seguen denunciando a contratación precaria sen que haxa unha resposta por parte da Consellería de Sanidade nin do Presidente do goberno galego.

A falta de atención do goberno galego ao persoal sanitario foi continuo e constante. Para remate, nos difíciles tempos que vivimos ao Sr. Núñez Feijóo ocrreselle insultar ao colectivo propoñendo unha propina en forma de cheque regalo de 250 euros para gastar en servizos hostaleiros. Un insulto inaceptable que define a nula sensibilidade do goberno galego cara a un colectivo que aínda hoxe recupérase do esforzo que deberon realizar nos peores momentos da crise sanitaria.

Nunca unha iniciativa tivo un rexeitamento tan unánime e xeneralizado. Colexios de Médicos, Asociacións Profesionais e cidadás, Sindicatos, representantes de Xuntas de Persoal rexeitaron categoricamente esta proposta e coincidiron en que era un insulto.

As declaracións dunha Presidenta de Xunta de Persoal do colectivo sanitario, ilustra como o recibiu o persoal. Literalmente manifestou: "Feijóo dános 250 euros para tomarnos uns viños, pero non queremos que nos gratifique este señor. O que queremos é máis contratos, máis persoal, traballo e estabilidade nos persoais. Se queremos uns viños, xa nolos pagamos nós". Sen comentarios.

Este insulto a un colectivo que vela pola saúde de todos a diario con esforzos máis aló das súas propias competencias profesionais, debe ter consecuencias en canto a responsabilidades políticas.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar ao Presidente da Xunta de Galicia a rectificar de inmediato na proposta de cheque regalo de 250 euros ao persoal sanitario e atender as súas xustas demandas laborais, cesando ao Conselleiro de Sanidade pola súa responsabilidade política e a que o retire das listas electorais por insultar aos profesionais da Sanidade que arriscaron e seguen arriscando a súa vida por protexer a de toda a poboación galega.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Na crise sanitaria que padecemos de forma intensa nestes case 4 meses anteriores e que seguimos aínda sufríndoa o recoñecemento da sociedade ao persoal sanitario foi certamente unánime, sobresaínte e sobre todo espontáneo, sempre nos quedará a todos o recordo de moitas imaxes da situación que vivimos pero ese aplauso espontáneo que saíamos aos nosos balcóns ás 8 da tarde cada día, era certamente a mellor demostración do cariño que tiñamos por quen estaban arriscando pola súa vida e loitando por nós. Os sanitarios o agradeceron, os sanitarios sabían que era sincero pero tamén é certo que xa naquel momento nos alertaban das súas condicións de traballo e que xa naquel momento nos dicían que cando todo isto pasase non nos esquecerámos, que cando esta crise sanitaria importante pasara non os esquecerámos. En Galicia as cifras dos recortes na Sanidade foron as mesmas antes da pandemia que as que viñamos padecendo duramente os 11 anos do goberno do Sr. Feijóo, non se pode negar o recorte en Sanidade, se pode maquillar, se pode utilizar unha parte das estadísticas e se pode ata mentir como de forma moi clara se fai, porque eran os propios sanitarios os que a denunciaban e ademais con datos e era a propia sociedade na que no seu conxunto o percibía e na que no seu conxunto se mobilizaba. O 3 de setembro de 2015, a manifestación de Vigo en contra deses recortes da Sanidade, en contra dese desmantelamento en favor da sanidade privada foi certamente un hito non só a nivel de Galicia senón a nivel de toda España, esa confluencia que se deu nas rúas de Vigo que xa estaba o inicio da manifestación na Porta do Sol, cando aínda había xente que arrancaba na rúa Pizarro foi o mellor exemplo, polo tanto, a mochila da mala xestión na sanidade do goberno do Sr. Feijóo contraponse co excelente traballo dos sanitarios e nestes case 4 meses nos que padecemos esta pandemia, na que os sanitarios nos seguían recordando as súas condicións de traballo, evidentemente, ese esforzo deles se merecía que o goberno do Sr. Feijóo rectificara, atendera a todos aqueles déficits estruturais que tiña a sanidade, a toda aquela contratación en precariedade todos o oímos, hai persoas que din que tiveron en 30 días, 30 contratos, creo que é o mellor exemplo, pero non só non se fixo isto, non só por parte do goberno de Galicia non se puxo o foco en solucionar isto cando padecíamos a peor das crises sanitarias senón que saen coa ocorrencia diríamos do que eu denomino cheque regalo e ademais nunca unha proposta tivo

un rechazo do 100% de aqueles aos que ían dirixidos e evidentemente aqueles aos que ía dirixidos e os seus representantes o cualificaron de inmediato de insulto, de provocación e é por iso que neste Pleno merecen o que nós nos deteñamos, o que pidamos a rectificación inmediata porque dicir non ao cheque regalo de 250 euros é dicir si á mellora nas condicións de precariedade na contratación e nas condicións de traballo porque esa solución á precariedade e ás condicións de traballo do persoal sanitario é a propia garantía da nosa saúde de tódolos cidadás e evidentemente e por iso o propoñemos cando se comete un acto como este e na situación na que estamos deben depurarse responsabilidades políticas, a gravidade do que se propuxo require que se cese ao conselleiro de Sanidade, por suposto que si porque isto é un auténtica frivolidade, é un auténtico insulto a aqueles que loitaron pola nosa vida e dende logo alguén como o conselleiro de Sanidade que foi capaz disto é certo que non merece estar no próximo Parlamento de Galicia e sería indigno da representación dos galegos despois de ter acordado isto.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Nesta moción mais que ausentarse o Alcalde case esperaba a que se ausentase o grupo municipal do Partido Popular, porque francamente van ter un difícil papel, volver defender o indefendible a respeito das políticas coas que converteron Vigo na zona cero da desfeita sanitaria en todo en país, en Vigo xa padecemos un hospital privatizado e recortado, o desmantelamento do hospital do Meixoeiro, unha atención primaria ao borde do colapso, un punto de atención continuada nunha situación limite como cada verán se lle priva dos servizos de atención pediátrica a importantes parroquias desta cidade e toda esa política viuse agravada durante a crise da COVID-19. Cando unha xefa de servizo denunciou que se lle denegaba o acceso a unha máscara de protección, a resposta do SERGAS do Sr. Feijóo foi cesala e agora o que ofrecen é unha infame propina de 250 euros que tiveron que mal rectificar nestes días, o que merece o persoal sanitario desta cidade e desta área sanitaria non é unha propina, o que merecen é que a partir do vindeiro 12 de xullo se revertan de maneira radical as políticas de privatización e desmantelamento da sanidade pública que impuxo o Partido Popular durante esta década nefasta, rescatámolo ao hospital Álvaro Cunqueiro para que os vigueses/as teñamos un hospital de xestión 100% pública, absorbendo POVISA na rede pública

para que non haxa pacientes de primeira e de segunda, reforzando de maneira significativa a atención primaria en lugar de recortar á metade o centro de saúde proxectado para a vila de Bouzas que agora varios anos despois se afanaron en acelerar para poñer en marcha e ter algo que presentar, claro na cidade despois de todos estes anos de abandono.

Pero hai algo moi importante, acabar coa ultra precariedade que padece o persoal sanitario non ten que ver con ofrecerlle unha condicións laborais dignas, é a mellor maneira de garantir a atención sanitaria de calidade que merecemos as viguesas/es e que o Partido Popular leva anos negándonos.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: En primeiro lugar no Sergas traballan máis de 35 anos profesionais, mentres que este bono funcionaría como unha especie de premio de tómbola, hoxe está destinado a 20.000 traballadores, os que cheguen digamos primeiro a inscribirse, en segundo lugar, o bono só serve para ser gastado nunha serie de establecementos acreditados polo propio programa, igual que sucede, lembremos, con outras axudas da Xunta de Galicia como o chamado cheque tebeo o que supón unha clara discriminación para outros establecementos. E en terceiro lugar, e definitivo, o bono constitúe un insulto aos traballadores/as da sanidade pública, unha ofensa propia de quen non pode disimular o seu desprezo polo servizos públicos. O Consello Galego de colexios médicos, a Confederación Estatal de Sindicatos Médicos en Galicia, o colectivo eventual sen loita, o sindicato de enfermería SATSE, o sindicato médicos OMEGA, os colexios profesionais de enfermería das catro provincias galegas, todos dixeron non ao bono anuncio propagandístico do Sr. Feijóo, en plena precampaña electoral e dixéronllo ao Sr. Feijóo con claridade, o xusto recoñecemento ao labor que desenvolveron os profesionais do sistema de saúde de Galicia, sería a reversión de tódolos recortes salariais, sociais e asistenciais longamente denunciados e aos que a Consellería fixo caso omiso durante estes anos. O trato a traballadores sanitarios de residencias e de centros de atención á dependencia debería de ser de dignidade e non de frivolidade, é dicir, contratos estables e recursos suficientes, ese é o recoñecemento aos nosos profesionais da sanidade e tamén o reforzo necesario ao sistema sanitario para facer fronte a continxencias como a que aínda estamos vivindo.

Coidar a quen nos coida é fundamental para mellorar como sociedade, pero a desatención e os ataques directos do Sr. Feijóo ao sistema público de saúde de Galicia veñen de moi atrás, afrontamos a Pandemia do Coronavirus co 21% menos de intención de primaria e cun 9% menos de camas, ademais do intento infrutuoso de pechar o paridoiro de Verín. Non debería esquecer o Partido Popular que unha das últimas grandes manifestacións en Galicia antes da crise do coronavirus foi o 9 de febreiro pola defensa da sanidade pública, a plataforma “SOS sanidade pública” convocaba unha grande manifestación contra o deterioro da atención primaria e o desmantelamento e peche de servizos nos hospitais públicos, contra as listas de espera inaceptables e a precariedade do persoal da sanidade pública, en definitiva contra a privatización da sanidade pública galega e algunhas das primeiras e máis importantes manifestacións desta nova normalidade, foron e están sendo nestes días contra as privatizacións nos servizos públicos, en concreto na sanidade pública e nas residencias de maiores e dependentes, polo tanto, sumámonos a solicitar ao goberno local en primeiro lugar un compromiso firme e non só de palabra coa sanidade pública, lembramos que para a manifestación do 9 de febreiro, solicitamos o apoio explícito do Concello de Vigo, facilitando o traslado á manifestación por exemplo, mediante autobuses e non conseguimos ese apoio, por suposto subscribimos o obxectivo desta moción, rectificación por parte do Partido Popular dese cheque esmola, a dimisión do conselleiro da Sanidade e a súa retirada da candidatura electoral do Partido Popular.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Non se decatan que hai un tema que non saíu que imos a explicar claramente, esta moción é incorrecta tal e como vostedes a propoñen, xa pediron varias veces a dimisión do conselleiro de Sanidade o Sr. Jesús Almuiña, iso non nos sorprende en absoluto para nada e agora queren que o retiren da lista, será que saben que por esa magnífica xestión que fixo durante o COVID-19 e a pandemia imos a aumentar deputados na provincia de Pontevedra, Sr. Font. Miren, membros do seu partido tanto nas comisións no Parlamento, o propio Fernando Simón, felicitaron ao servizo e ao grupo e ao SERGAS, ao propio conselleiro e ao seu equipo porque é un traballo en equipo e incluso ao propio Sr. Feijóo polo tanto, vostedes neste caso non se decatan e nada, queren sempre ir

contra a sanidade, unha sanidade que ademais é de todos e temos o orgullo pero neste caso vostedes erran no plantexamento desta moción, miren, este bono é unha iniciativa da consellería de Cultura e Turismo para axudar a reactivar o sector turístico ao que vostedes deixan tirado porque mire moito presumir de que enchen os hotéis coas festas pero cando non hai festas aquí todos a esconderse, sálvese quen poida e deixan a tódolos vigueses, cando teñen moitas dificultades tamén o sector hostaleiro tirado, polo tanto, a Consellería reacciona e saca adiante este bono, afortunadamente como digo eu hai outras administracións que están pendentes das institucións e dos sectores vigueses cando se quedan tirados e cando non hai festas porque como digo porque só vostedes poden darlle unha resposta a esta cidade con festas e non con outra cousa, ese bono é voluntario, tamén quero dicilo aquí, se algún sanitario non quere pois beneficiarse dese bono non ten porque facelo e ademais ese bono é iniciativa de Turismo e non de Sanidade e a consellería de Sanidade non ten nada que ver e por ese motivo a interpretación desta moción é erróneo. O conselleiro e o propio Presidente pediron disculpas e rectificaron por como se presentara ese bono, polo tanto, non pida iso aquí nin frivolice porque xa está feito e senón busque vostede na hemeroteca, vostedes como sempre como corvos buscando onde sacar taxada política, insisto, e neste caso non nos sorprende nada que pidan a dimisión do conselleiro da Sanidade porque xa o fixeron en varias ocasións.

Mire, as persoas que máis traballaron e se esforzaron durante a pandemia por suposto que foron os sanitarios, teñen todo o dereito e a oportunidade de beneficiarse desas bonificacións se o desexan e ademais insisto reactivar o sector turístico ao que vostedes o Partido Socialista tanto no Concello de Vigo como no goberno central deixaron totalmente tirado e digo esta iniciativa ademais pois a sacaron adiante noutros sitios como pode ser en Italia ou aquí en España nunha comunidade autónoma como pode ser Valencia con algúns matices, mire como segue sen decatarse eu lles pregunto, van a pedir a dimisión do presidente de Paradores, o Socialista o Sr. Óscar López Águeda, que non só insulta como din vostedes aos sanitarios senón que o anuncia con bonificacións, miren, “Eres sanitario? Paradores te lo agradece con descuentos nos aloxamentos” Miren, no El Mundo, son tan ridículos que ata o anuncian o poñen en medios nacionais, miren lle digo unha cousa, vanlle dar tamén unha papeleta, un voto aos sanitarios que

entren polos paradores porque Sr. Font, me parece de verdade dunha frivolidade absoluta que vostede teña que defender aquí esta moción e teña que facer esa petición porque insisto non só é que esta iniciativa vostedes a consideren positiva dende o Partido Socialista senón que a anuncian e eu digo ademais, encuberta con moitas páxinas en diarios nacionais, encuberta e con entrevista ademais ao propio presidente de paradores, Socialista de Castilla León, o Sr. Óscar Águeda. Mire, o Sr. Almuiña e o seu equipo como dixen antes o felicitaron dende varios puntos de España, o tomaron como un exemplo en moitas comunidades autónomas e se vostedes se en Vigo non queren facelo pois será ridículo, o hospital Álvaro Cunqueiro funciona como un reloxo e o persoal sanitario por suposto, que o felicitamos e fixo un esforzo infame para que pudesen salvarse o maior número de vidas posibles porque somos un equipo e porque a sanidade é de todos, non é nin do Sr. Feijóo nin do Sr. Almuiña nin de só os do Partido Popular, é unha sanidade de tódolos galegos que temos que defender xuntos. Polo tanto, orgullosos deberíamos de estar, nós insisto, imos rexeitar claramente esta moción, imos a rexeitala pero non fai falla retirar ese bono que é voluntario, non fai falla que o Sr. Almuiña dimita nin que o retiremos das listas e creo que hai argumentos posibles, ademais vostedes mirese vostedes tamén o que están a facer porque eu creo que a ridiculez é a entrevista e o anuncio do presidente de Paradores, “Eres sanitario? Te hacemos descuentos si vienes a los Paradores”, iso si que é unha ridiculez, Sr. Font.

SR. LÓPEZ FONT: Miúdo papelón Sra. Egerique, que lle tocou defender isto. Si consideran un zasca o que acaban de imprimir agora, se non me contestan a min, están a contestar a tódolos colectivos, se o peor da súa contestación é que están a contestar aos colectivos de persoal sanitario, se antes de que eu dixera nada e antes de presentar esta moción os colexios de médicos e tódolos colectivos sanitarios dixeron que vostedes lles provocan, dixeron que vostedes lles insultaban, unha presidenta de xunta de área de Persoal dixo que ela xa se tomaba viños co seus cartos e que non quería 250 euros do Sr. Feijóo, polo tanto, non vale encubrir con outras cuestións o que foi certamente un atentado e polo tanto, miren, magnífica xestión Sra. Egerique, se refire á praga de pulgas no Álvaro Cunqueiro? Non me interrompa Sr. Marnotes, por que non me dixo absolutamente

nada de que Galicia ten menos persoal sanitario no 2018 que no 2009 cando entrou o Sr. Feijóo, por que non me contestou absolutamente a nada do que reivindicamos os sanitarios cando hai unha precariedade laboral do 30% no colectivo? Cando de todo o gasto sanitario en persoal de 1.300 millóns se gastan 400 millóns en precariedade laboral? Por que non me fala de tódalas privatizacións e non me fala de que o Álvaro Cunqueiro é un hospital privado, de acordo, porque ten que pagar o IBI? Por que non me fala de todo isto? Miren, pedimos varias veces a dimisión do conselleiro de Sanidade, efectivamente, porque enganou a esta cidade, en bastantes ocasións e por que certamente e independentemente de que sexa unha iniciativa doutra consellería, o que ten que protexer ao persoal médico é o conselleiro de Sanidade e me imaxino que unha medida dese estilo se decidiu nun consello de goberno, no que tiña que ter levado a voz en defensa dos profesionais, sabe cal é o problema? Que o único que buscaron é un reedito electoral, e sabe cal é o problema? Que a vostedes lles importou absolutamente pouco porque levan no seu ADN o ir contra o persoal sanitario, porque non esquecen o 3 de setembro de 2015 e lle segue doendo, e sabe cal é a diferenza entre vostedes e nós? Vostedes ofrecen un cheque de 250 euros e nós lle damos a Medalla de Ouro da Cidade ao persoal sanitario, esa é diferenza entre vostedes e nós.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, tampouco se atopan as Sras. Silva Rego e Espinosa Mangana).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do

grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.06.2020 (Rex. Nº 2466/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

6(74).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A MANIFESTARSE PUBLICAMENTE DE FORMA EXPLÍCITA EN APOIO AO AEROPORTO DE PEINADOR, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2467/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2020, número 2467/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Xunta de Galicia, nos 11 anos de goberno de Núñez Feijóo, non apoiou ao aeroporto de Vigo.

É máis tratou de pechar Peinador, coas axudas ao aeroporto de Santiago e buscando políticas de “coordinación” que o único que pretendían era apoiar a centralización do sistema aeroportuario de Galicia en Santiago baleirando de contido ao de Vigo e buscando o seu peche.

As recentes declaracións de Nuñez Feijoo, eloxiando o modelo portuario de Portugal, demostran claramente as súas intencións. Non perde ocasión e calquera forma é boa para o á hora de argumentar en contra de Vigo.

O modelo aeroportuario de varias terminais nunha Comunidade Autónoma resulta moi eficiente como se demostra en Andalucía, País Vasco e Comunidade Valenciana.

O aeroporto de Peinador é viable e imprescindible para o desenvolvemento económico, industrial e turístico da área metropolitana de Vigo.

Iso debe ser motivo para que o Presidente do goberno galego defenda a súa permanencia, aposte claramente por esta infraestrutura como fixeron os gobernos socialistas do Estado e apoie economicamente.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar o Presidente da Xunta de Galicia a manifestarse publicamente de forma explícita en apoio ao aeroporto de Peinador, recoñecendo o seu papel no sistema aeroportuario galego e a súa contribución á economía da área metropolitana de Vigo e de Galicia, propoñendo un plan de apoio económico ao mesmo.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Este é un tema que certamente trouxemos en máis dunha ocasión e que ademais anticipo o que o seguiremos defendendo, seguiremos propugnando a atención por parte do goberno de Galicia ao Aeroporto de Peinador, a realidade de que esta cidade sufriu a falla de atención por parte do goberno do Sr. Feijóo, a mellor manifestación cidadá foi hai un ano cando co 70% dos votos se apoiou a candidatura encabezada o Alcalde que certamente denunciara de forma reiterada esta falla de atención.

E digo que esta falla de atención se concreta nunha lista certamente interminable e é unha lista interminable que ademais perdura no tempo, é dicir, elección municipal, tras elección municipal, arranque tras arranque do goberno desta cidade, así se lle traslada ao presidente o Sr. Feijóo e a solución é a mesma de sempre que é non dar solucións, iso si, promesas incumpridas con esta cidade como o túnel de Beiramar, elección tras elección o vemos aínda agora que repetimos o proceso electoral. O balance de todo o que se pediu dende o goberno desta cidade, que se corresponde con necesidades desta cidade, o balance son distintos ceros acumulativos que suman cero de atención e ademais sería difícil establecer unha clasificación é dicir é mais importante o Aeroporto que o túnel de Beiramar ou que calquera outra cuestión, sería difícil establecer unha clasificación nas desatencións porque certamente todas son importantes pero si que é certo que dende hai moitos anos chama a atención a fixación que ten o Sr. Feijóo con

querer pechar o Aeroporto de Vigo e digo pechar para provocar o sorriso dos concelleiros do Partido Popular, porque así o sentiron os vigueses e é verdade que hai que poñer a orella do que din porque esa é a sensación que se ten na cidadanía. E digo que é moi significativa a fixación que ten porque certamente é unha infraestrutura vital para o desenvolvemento económico de Vigo e da súa Área Metropolitana e o Aeroporto de Peinador dende que o Sr. Caballero é Alcalde desta cidade e xa van 13 anos, nunca contou co apoio do goberno do Sr. Feijóo, a diferenza da situación anterior claramente, se pode dicir con claridade que o Sr. Feijóo sempre estivo á contra do Aeroporto de Peinador, o apoio demostrado unhas veces directo e outras disimulado ao Aeroporto de Santiago de Compostela sempre buscaron mellorar a situación dese aeroporto central e deixar morrer ao de Peinador ata que pouco a pouco se chegase a súa desaparición, se lembran todos vostedes das propostas do Sr. Feijóo de coordinación aeroportuaria, aquilo que parecían políticas que ían a favorecer precisamente esa coordinación e cando fomos ás reunións o que nos atopamos era con máis do mesmo e con máis do que sempre fixeron en relación co Aeroporto de Vigo.

Consideramos o Aeroporto de Vigo un instrumento imprescindible na economía, chamamos sobre a intención da Xunta de Galicia de intentar pechalo e novamente e como o Guadiana que aparece de vez cando, debeu considerar que en período electoral, eu creo que certamente é unha torpeza en relación coa percepción que hai en Vigo pero alá o Sr. Feijóo xa digo como o Guadiana que aparece e desaparece, non desaproveita ocasión para manifestarse con nitidez e agora resulta que nun coloquio, nunha conferencia que mantivo quixo deixar claro que lle parece idóneo o sistema aeroportuario de Portugal, evidentemente contra o ataque ao Aeroporto de Vigo, e é máis, o presidente de Galicia fala dunha competencia destrutiva, é dicir, para o presidente de Galicia a defensa do que é o Aeroporto de Vigo o acaba de demostrar Iberia colocando ao Aeroporto de Vigo nesta reactivación como o Aeroporto no que vai a ter máis voos e xa digo o Sr. Feijóo o considera competencia destrutiva, pois nos reafirmamos na necesidade deste Aeroporto e nos reafirmamos en que o goberno de Galicia debe de apoialo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Escoitan? Non é o silencio do Sr. Albert Ribera, é o persoal de Vitrasa, a mobilizarse unha vez máis para denunciar os graves incumprimentos

dunha empresa concesionaria dun servizo municipal e o abandono por parte do goberno local, incumprimentos que atinxen cuestións como que non se están a garantir o dereito do persoal condutor, os descansos durante a propia xornada.

PRESIDENCIA: Sr. Pérez Iglesias, estamos cunha moción do Aeroporto de Peinador.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Obrigado polo recordatorio.

PRESIDENCIA: Non é que me parece que estaba vostede un pouco despistado, está moi ben publicamente a xente se manifieste pero estamos con outra moción deste Pleno.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu lamento que a presidencia accidental do Pleno lle moleste a alusión a protesta que se produce diante do Concello de Vigo.

PRESIDENCIA: Non me molesta ao contrario eu entendo todo, son un entenderas pero estamos cunha moción do Aeroporto.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Obrigado pola súa suxestión. En todo caso atendan ao Comité de Empresa de Vitrasa e entrando na cuestión.

PRESIDENCIA: Como levamos facendo hai 13 anos e por norma, sempre atendemos.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Se cadra ten que explicarllo abaixo non a min.
Entrando no texto, no fondo da moción ao respecto de Peinador, nós estamos de acordo no reproche ao respecto da falla de apoio da Xunta de Galicia co Aeroporto que non é so o Aeroporto de Vigo nin o aeroporto metropolitano senón que é o Aeroporto de toda Galicia sur, en todo caso o que lle dicimos é que non abonda con declaracións, o que hai que reclamar tanto do goberno galego como do goberno español son medidas concretas, da Xunta de Galicia que aposte por articular un sistema aeroportuaria galego que evite que as terminais galegas

compitan entre si en beneficio do Saa Carneiro e que dende logo aposte decididamente por potenciar Peinador como ese aeroporto da Galicia sur. E do goberno español que se poña en marcha un plan de dinamización desta terminal para mellorar os seus accesos que se garanta a conexión intermodal, que se abra a terminal aeroportuarias as 24 horas, que se aproveiten as enormes potencialidades no transporte de mercadorías ou que tamén se garanta que haxa no Aeroporto de Peinador un bus directo como si contan outras terminais.

SR. PÉREZ CORREA: Como aquilo que dicía Franco da pertinaz seca para explicar o plan Badajoz, aquel de pantanos, pois aquí a pertinaz moción de Peinador que chega a tódolos plenos, creo, historicamente cando hai eleccións autonómicas. Nós estamos de acordo e consideramos que non se fai todo o suficiente por parte dunha administración que aínda que non ten competencias en materia aeroportuaria lle corresponde ao goberno do Estado, Aena, ao Ministerio de Fomento, si que hai algunhas cuestións que nós consideramos que se poderían ter artellado por parte da Xunta de Galicia e ademais é recorrente porque os grupos da oposición no Parlamento de Galicia levamos moitos anos dicíndoo que ten que existir ese Plan de coordinación entre aeroportos e dependendo se estamos no goberno ou na oposición, moitas veces estamos a favor da coordinación dos tres aeroportos, estamos a favor da creación da terminal única que é un debate que se abriu nos anos 90 e posteriormente se volveu a introducir nos debates o de converter tres aeroportos separados por apenas 60 quilómetros de distancia cada un, nunha única terminal e un sistema aeroportuario integrado como ten Portugal porque se o Sr. Feijóo nos di que está de acordo co sistema aeroportuario portugués e por unha cuestión que vou a relatar, eu apoiaría o que anunciou o presidente da Xunta de Galicia porque onte o goberno portugués acaba de decidir comprar e nacionalizar a TAP, a empresa de transporte aéreo referencial en Portugal e iso lle vai a permitir no momento en que nacionaliza a antiga empresa pública de transportes aeroportuarios portugueses, vaille permitir operar máis barato, con prezos asequibles porque é unha empresa pública e vai a introducir un criterio e o digo como organización que formamos parte do goberno, que o goberno español non quere asumir, que posiblemente sexa ter unha empresa de transporte aeroportuario público, nacionalizar Iberia dentro das medidas que se

poidan, pois para poñer unha fórmula que solucionaría un dos grandes problemas do Aeroporto de Vigo que é a competitividade en prezo e que sistematicamente as administracións temos que corrixir con axudas a liñas aéreas que logo non consolidan voos, porque hai 3.800.000 euros que este ano tiñamos que buscar algunha empresa que operara, é certo que coa crise do COVID-19 vai ser difícil, pero que por moitas axudas públicas que lle demos a compañías privadas moitas delas o que fan é como fixo Ryan Air, finalmente facer unha chantaxe ás administracións que poñen recursos. Este grupo municipal xa propuxo reiteradamente que a figura de servizo público obrigatorio de determinados voos, como xa opera nos aeroportos andaluces, no aeroporto de Badajoz que permite financiar publicamente voos a Madrid, Barcelona ou Bilbao que son os voos economicamente rendibles porque son os voos industriais, os voos que utiliza o tecido empresarial de Vigo pero podemos estar reiteradamente discutindo sobre se o Sr. Feijóo quere pechar o Aeroporto de A Coruña ou de Vigo ou se hai axudas ao Aeroporto de Santiago de Compostela, que por certo, por máis que as busco nos orzamentos do Estado seguen sen aparecer e por máis que se nos di que se financia a Ryan Air, que se foi a Santiago de Compostela sen mover un duro, simplemente porque hai unha cousa que se chama o Camiño de Santiago que xera unha dinámica de viaxes que non xera por desgracia turisticamente o aeroporto de Vigo porque máis do 40% dos voos no Aeroporto de Vigo non son turísticos senón son comerciais e relacionados co tecido empresarial da cidade, por iso é importante o Aeroporto de Vigo, non polo turismo, senón polo que supón para as empresas do sur de Galicia este aeroporto. Nós estamos de acordo con que a Xunta de Galicia non está poñendo enriba da mesa cuestións que si podería ter artellado a funcionalidade do Aeroporto, un deles é a mobilidade, parece ridículo pero hai moita xente que lle é cómodo, sobre todo porque lle é máis barato, coller un autobús e irse a Oporto a coller un voo internacional que ir ao aeroporto de Vigo para logo facer un enlace a Madrid porque en Oporto ten voo internacional directo e iso é unha xestión magnífica do goberno portugués porque fixo dous aeroportos, dúas terminais internacionais, unha no norte e outra na capital do país. Nós estamos de acordo coa moción, non tanto coa exposición senón porque descoñecemos cales son as propostas historicamente anunciadas polo Partido Popular e anunciadas pola Xunta de Galicia para axudar ao Aeroporto de Vigo e

como non existen e xa levamos 10 anos anunciándoas e non existen pois imos a votar a favor simplemente para que o Partido Popular teña que retratarse dunha vez por todas e dicir cales son ese anuncios electorais que por certo tamén se anunciarán seguro neste proceso electoral que imos vivir o 12 xullo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Outra mentira máis, unha inmensa mentira, xamais o Presidente de Galicia dixo que quería pechar Peinador o que puxo o exemplo de Portugal que ten tres aeroportos que se complementan como temos tres aeroportos en Galicia que se poderían ser complementarios. Hai que estar obsesionado, hai que ter unha obsesión compulsiva ou estar moi afectado polo confinamento para deducir de aí que quere pechar Peinador, e outro exemplo máis de manipulación das mentiras deste goberno, do Sr. Caballero, para ocultar que o Aeroporto de Peinador foi o ano 2019 o que máis viaxeiros e destinos perdeu de todo o estado, imos a falar entón da coordinación dos aeroportos, e imos a repasar as hemerotecas para saber quen foi o que apostou por Lavacolla como aeroporto internacional e Peinador como un aeroporto subordinado á Lavacolla e tamén por potenciar Alvedro. Miren, o Correo Gallego, 9 de novembro de 1985 “el ministro de Transportes Abel Caballero ratificó ayer en Santiago la voluntad del gobierno de no privatizar el Hostal de los Reyes Católicos”, agora sabemos que eran os sanitarios grazas a unha medida do goberno, “y después Caballero a la izquierda” dinos o periodista por si non sabíamos quen era, “visitó el aeropuerto vigués de Peinador en compañía de el Alcalde Manuel Soto. El ministro valoró las instalaciones de Peinador al que situó en un segundo pero importante plano como aeropuerto complementario del internacional de Lavacolla” Lavacolla First dicía o noso Trump vigués. Abril de 1990, Ministro Caballero, fillo adoptivo da cidade de A Coruña polos investimentos no Aeroporto de Alvedro, dicía Paco Vázquez, Don Francisco, “Abel Caballero o quixo, soubo facelo e o fixo, xerando ilusión na cidade, ata que Abel Caballero ampliou Alvedro no ano 88 non tiña voos con reactores, fixoo no ano 88, Vigo xa os tiña dende o ano 81, iso si que foi un investimento polo que recibiu seguro que merecidamente o título de fillo adoptivo de A Coruña. O principal inimigo do Aeroporto de Peinador é o Sr. Caballero, foino cando era ministro e o é agora como é Alcalde e ademais o mellor aliado sen dúbida do Aeroporto de Lavacolla e tamén de Peinador. A súa fallida política de subvencións e

destinos fixo que o Aeroporto de Vigo quedase ao capricho das aeroliñas e cando Ryan Air decidiu irse o que pasou foi que se desplomou, o ano 2019 foi o peor da historia de Peinador e en contra do que se di aquí a Xunta de Galicia hai anos que non subvenciona ó resto dos aeroportos porque para a complementariedade para vostedes é perder e a complementariedade para vostedes é renunciar e pasar a un segundo plano, para vostedes a complementariedade é pechar.

Miren, nós apoiamos ao Aeroporto de Peinador, e non nos imos a opoñer a esta moción porque nós pensamos que o presidente da Xunta de Galicia pode dicir o que lle peta o que non imos a admitir aquí é que digan vostedes unha mentira, hai que repasar os datos de Peinador, no ano 2007, o último ano do goberno da Sra. Porro, o Aeroporto de Vigo tiña un 1.405.968 viaxeiros, xamais volveu a recuperar esa cifra dende entón, dende que o Sr. Caballero é Alcalde se desplomaron as cifras de Peinador, chegamos a ter menos de 700.000 viaxeiros no 2013 e 2014, no ano 2019 tivemos menos viaxeiros que o ano 2018 a diferenza de tódolos aeroportos de España, iso son os datos, é unha vergoña o que tiña que facer o Sr. Abel Caballero é devolver ese título de fillo adoptivo que ten, devolveo e deixalo aí en María Pita onde o recolleu, apostar polo Aeroporto de Vigo, crear sinerxias con outros Aeroportos, coordinarse coas tour operadoras e traer voos á cidade como fan o resto dos Alcaldes de Galicia e mesmo de España, iso é o que ten que facer e non vir aquí cunha manipulación e unha mentira para ocultar esa falla de xestión. Nos aeroportos como noutros casos só hai que ver aquí o que está a pasar cos traballadores de Vitrasa aos que lle prorrogou a empresa 5 anos a concesión é so hai que ver aquí a falla de medidas coas que se veñen a este Pleno coa que vai a caer.

SR. LÓPEZ FONT: Díciame Sr. Marnotes que non me deu tempo a escribir, 1985 non? Fai 35 anos, mire, sabe que é o que pasa co Sr. Abel Caballero? Que foi ministro do goberno de España e sabe o que lle corresponde a un goberno do Ministro de España? Velar polo conxunto do estado español e da mesma forma que el velou polo conxunto do estado español sendo o que propuxo o AVE para España é o mellor exemplo contrario ao que fixo a Sra. Ana Pastor, como ministra tamén de transportes, non favorecendo a este territorio. Polo tanto, o Sr. Abel Caballero como ministro o que lle vou a lembrar que pena de non traer hemeroteca, é que a

primeira ampliación do Aeroporto de Peinador leva o nome e apelidos do Sr. Abel Caballero, que a primeira actuación sobresaínte ferroviaria nesta cidade de Vigo leva o nome e apelidos de Abel Caballero como Ministro de Transportes, e lle quero dicir xa dunha vez por todas que non debe ser ningunha deshonra ser fillo adoptivo de A Coruña, pero o problema sabe cal é, o problema de vostedes sabe cal é? Que o Sr. Caballero é fillo adoptivo de máis sitios, e é fillo adoptivo de máis sitios pola brillante xestión que fixo primeiro como ministro pero tamén como persoa moi influínte dentro da executiva do Partido Socialista, polo tanto, mire, en maio do ano pasado os vigueses/as percibiron que o único que ten obsesión patolóxica con esta cidade é o Sr. Feijóo, nós non houberamos traído esta moción, nós non houberamos volto a falar de Peinador, non Sr. Marnotes, falamos de Peinador cada vez que se agrede, falamos de Peinador cada vez que o Sr. Feijóo pon en cuestión o sistema aeroportuario de Galicia e ataca única e exclusivamente a esta cidade pero miren, e llo digo a todos, en relación co tema das axudas vostedes se creen que a parte do Camiño de Santiago, unha empresa vaise como Ryan Air de Vigo e se asenta en Santiago de Compostela só polo camiño de Santiago non, voulle lembrar algo, cando houbo determinada polémica o Alcalde desta cidade lle retou ao presidente da Xunta de Galicia a que se visasen as subvencións aeroportuarias no Consello de Contas, quedou a polémica en dous días porque o Presidente da Xunta de Galicia non recolleu este guante, polo tanto, nos reiteramos en que esta cidade necesita apoio, en que o Aeroporto de Peinador necesita primeiro, o recoñecemento por parte do Presidente de Galicia e segundo, e lle corresponde a el articular axudas en reactivación da economía de Vigo e da súa área económica, o que falou de Peinador foi el novamente para agredir e lle imos a defender aquí ao Aeroporto unha e mil veces.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, tampouco se atopan as Sras. Silva Rego e Espinosa Mangana).

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago

Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.06.2020 (Rex. Nº 2467/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(75).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA A QUE OS SEUS REPRESENTANTES NO PADROADO DO IFEVI VOTEN FAVORABLEMENTE Á INTEGRACIÓN DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO EN DITO PADROADO. REXISTRO PLENO 2468/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2020, número 2468/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 4 de Abril de 2.019, o Delegado do Estado en Zona Franca de Vigo, solicitou do Padroado do IFEVI formar parte do Instituto Feiral de Vigo.

O Padroado deulle audiencia na reunión celebrada o 22 de xullo de 2.019. Na devandita reunión o Sr. Regades realizou unha proposta de que Zona Franca estaría disposta a unha achega económica importante para formar parte do IFEVI, entendendo a importancia que tería dita participación e que era unha demanda dos sectores sociais e económicos da cidade de Vigo.

Era evidente que esta proposta non tiña o beneplácito da representación da Xunta de Galicia en IFEVI. Tan importante proposta quedou pendente de analizar a forma de integración e de informe xurídico.

Transcorridos 11 meses, é evidente que a representación da Xunta non moveu un papel para dar resposta a este ofrecemento de Zona Franca de Vigo.

O pasado venres, 22 de Xuño, celebrouse reunión do Padroado. O representante do Concello de Vigo no devandito Padroado, o Tenente de Alcalde Sr. Pardo, expuxo a cuestión. Reiterando a posición favorable deste Concello e máis se cabe nestas circunstancias económicas e sociais. Esa posición favorable foi secundada polo representante da Deputación de Pontevedra e polo representante da MAIV designado en Pleno por este Concello.

A posición da representante da Xunta, por delegación do Conselleiro de Industria e Comercio, resultou confusa sen poder dar unha explicación sobre o atraso de 11 meses máis aló de ampararse en que estaba pendente dun informe xurídico.

Como queira que é absolutamente necesario e urxente adoptar o acordo favorable á integración do Consorcio de Zona Franca de Vigo no IFEVI, pola inxección económica que supoñerá.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar ao Presidente da Xunta de Galicia, como máximo responsable do Goberno galego, a que os seus representantes no Padroado do IFEVI voten favorablemente á integración do Consorcio da Zona Franca de Vigo no Padroado do IFEVI.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A moción que traemos hoxe a este Pleno ten como obxectivo fundamental potenciar o papel do IFEVI como un elemento fundamental para potenciar a actividade económica de Vigo, actividade económica de moitos sectores, actividade económica dende logo da hostalería, da restauración, do turismo porque da a coñecer a nosa cidade pero tamén esa outra actividade como gran escaparate dos digamos da industria que está ao carón da nosa cidade, todos estamos afeitos a que o IFEVI sexa ese gran escaparate onde a pesca e o conxelado se amosa ao mundo con esa capacidade de atracción que ten Conxemar, tamén estamos afeitos a observar como actúa de gran escaparate para a nosa produción de barcos, con a feira Navalía, tamén estamos afeitos a observar como os grandes acontecementos do sector do automovil etc., teñen repercusión

na actividade que ten o IFEVI, polo tanto, o IFEVI é unha posición, un pavillón de feira, de exposicións que transcenden digamos á propia actividade do mesmo porque a súa implicación tanto na cidade como dende logo na área metropolitana, na provincia e en Galicia e unha actividade tremendamente importante, como saben todos vostedes estamos de feito por ese mesmo motivo no proceso de ampliación desas instalación para que dea cobertura ás necesidades cunha crecente Conxemar precisa para dende logo loitar tamén pola deslocalización desa feira cara outros lugares.

Pero esta implicación tan importante que ten o IFEVI, fai preciso que todos aqueles que formamos parte do sen Padroado e tamén de tódalas forzas vivas da cidade, teñan unha participación activa que procure polo tanto, ampliar a repercusión que o IFEVI ten e potenciar a capacidade de atracción de feiras, congresos, esa capacidade de amosar o gran escaparate de Vigo e a súa área de influencia poda ser incrementada. Por ese mesmo motivo existiu unha petición formal por parte do delegado especial da Zona Franca de Vigo para participar no Padroado do IFEVI unha petición que comeza pois hai aproximadamente un ano por abril do ano pasado, cunha petición formal de poder trasladar ao Padroado do IFEVI pois o proxecto que a propia Zona Franca ten para participar e a súa implicación na participación do IFEVI.

Así pois hai un ano o delegado especial do IFEVI, en xullo do ano pasado, ten unha comparecencia, se lle invita a comparecer no Padroado do IFEVI para trasladar a súa implicación e a súa vontade de participar no mesmo.

Dende logo ninguén discute a importancia da Zona Franca en Vigo, e polo tanto, a súa capacidade de atracción de actividade económica, de emprego, de distintas iniciativas, pero tampouco a súa implicación na cidade, que vai máis aló deses grandes datos económicos de ter máis de 4 millóns de metros cadrados na área inmediata de Vigo, de xerar na súa zona inmediata máis de 18.000 empregos ou de ter máis de 650 empresas en polígonos industriais xestionados pola Zona Franca de Vigo.

Máis aló diso, existe unha clara implicación coa cidade e o seu desenvolvemento que se traslada tamén neste caso, por iso na exposición que fixo o delegado especial nese caso no Padroado do IFEVI, se trasladou a súa vontade de participar financeiramente cofinanciando proxecto de mellora do IFEVI, tamén a necesidade e

a implicación na promoción de actividades, congresos, feiras directas e a participación, estable e directa nesa actividade de feiras, a necesidade de que contara cun stand permanente que lle dera visibilidade e polo tanto, que tamén aparecera de forma directa como un dos grandes promotores do IFEVI de Vigo. Pero máis aló diso, tamén amosou a súa clara vontade de achegar un acordo polo tanto, de promover o consenso dentro do IFEVI, a esa petición responderon favorablemente o representante do Concello de Vigo, da Deputación de Pontevedra, da Mancomunidade de Vigo e tamén o representante da Cámara de Comercio que mirou con moi boa vontade esa incorporación. A representante da Xunta de Galicia só dixo que se necesitaba facer un Plan para mirar as necesidades de investimento que tiña o IFEVI e a partires de aí, promover a incorporación, pois 11 meses máis tarde non existen noticias e cremos que a idea é precisa que a idea é boa e polo tanto que se precisa a incorporación da Zona Franca no Padroado do IFEVI.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O BNG non imos poder votar favorablemente esta moción, en primeiro lugar porque entendemos que os entes e organismos que están participados por diferentes administracións, entidades, deberan funcionar sobre a base do consenso. O Partido Popular ameazou en xuño de 2019, dende a Xunta de Galicia, con impoñer a súa maioría mecánica no Padroado do IFEVI a través dun intento que non se materializou, de modificación dos estatutos para que a Xunta de Galicia pasara a ter 7 representantes en lugar dun, o Concello de Vigo dous en lugar dun, e o resto Deputación de Pontevedra, Cámara de Comercio, Confederación de Empresarios e Mancomunidade mantivesen o seu representante, a ese intento de clara instrumentalización partidista da dirección do Instituto Feiral de Vigo, hoxe o Partido Socialista en Vigo contesta cun intento de instrumentalización no sentido contrario. Se a Xunta de Galicia do Partido Popular quería garantir a maioría de control do Padroado do IFEVI, agora vostedes quen ampliar a maioría, garantir a maioría de representantes do Partido Socialista, xa teñen tres de 6, o representante do Concello de Vigo, o representante da Deputación Provincial e o representante da Mancomunidade intermunicipal de Vigo e agora quen engadirlle o asento ao superdelegado da Zona Franca, o Sr. David Regades, despois de que lle entregáramos o antigo Reitorado da cidade como

palacete, agora queren sumarlle un novo título, dende logo é bochornoso, a nós pareceu absolutamente bochornoso o intento do Partido Popular e nos parece bochornoso o intento do Partido Socialista. Se de verdade queremos potenciar o IFEVI, se de verdade queremos apostar polo turismo de congresos que é o máis valor engadido xera, o que ten que facer o goberno municipal é revitalizar a Vigo Convención Bureau que teñen absolutamente anémica e conxelada como unha axencia que permita captar congresos e feiras para a nosa cidade, para non depender dun número tan limitado de eventos como neste momento se depende no caso do IFEVI para alongar o enorme potencial que ten a nosa cidade neste ámbito e por iso o noso voto vai ser unha abstención.

SR. PÉREZ CORREA: Vigo ten un problema endémico e é non entender que determinados instrumentos e determinados organismos que temos constituídos na cidade, son auténticos motores económicos, e son auténticos motores económicos porque o IFEVI que naceu con toda unha casuística de problemas á hora de buscar precisamente consensos, ten ou soporta sobre a súas costas quizais a maior actuación económica e o maior retorno económico incluso hostaleiro e turístico que ten esa cidade que se chama Conxemar, e en vez de estar debatendo cales son os motivos, máis alá do parón da COVID-19, polos que está parada esa ampliación a última noticia que tiñamos era que faltaban 4 informes sectoriais, un deles pode ser incluso perigoso a efecto do futuro da ampliación do IFEVI como é os informes da aviación civil ou axencia estatal de navegación aérea, é dicir, informes que son importantes tendo un aeroporto ao carón, en vez de estar falar disto, en vez de estar falando precisamente do futuro post-COVID-19 e como vai a actuar a nova situación, a posibilidade da celebración de congresos que vai haber unha pelexa entre moitas cidades por captar os poucos congresos que se fagan no ano 2020, posiblemente no ano 2021, pois estamos falando dunha practica habitual das administracións nesta cidade que é intentar modificar os estatutos co criterio de quen poña máis cartos ten que ter máis peso e ese criterio que o Concello de Vigo lle vale para o Marco, é dicir, como nós poñemos os cartos no Marco, a Fundación Marco, a correlación de forzas dentro do Padroado ten que ser a que é, pois a Xunta de Galicia fai o análogo ou intentou facer o análogo no caso do Instituto Feiral de Vigo e o debate é un debate de pelexa, de intentar facerse

cun instrumento, non sabemos moi ben con que obxectivo porque ademais si é certo que Zona Franca quere entrar, tamén nos gustaría saber con que Orzamento, con que recursos e con que vontade, non simplemente por ter un voto palmeiro máis nun padroado que noutras ocasións se ten dado porque se falaba aquí de que o Padroado do IFEVI ten as forzas vivas de Vigo, home, ten un gran morto que se chama Mancomunidade de Vigo, tan morto é que as últimas reunións que se fixeron aquí neste Concello son para matalo, e polo tanto, ninguén discute ou non estamos a discutir que sentido ten que estea a Mancomunidade de Vigo a que se lle vai a dar finiquito e é unha expresión do Alcalde que hai que preparar, hai que aprobar as contas, hai que aprobar os orzamentos, hai que ir liquidando porque isto é un organismo que non ten sentido, que non tería sentido se existira un organismo análogo na área metropolitana, e volvemos a traer a este Pleno o debate, no seu día coa presenza da Cámara de Comercio, no seu día cal era o representante que tiña que estar da Confederación de Empresarios, e agora introducimos un novo debate que é a entrada de Zona Franca; Zona Franca que ten posiblemente a administración agora mesmo nesta cidade que máis recursos económicos ten inmovilizados e está por saber, máis alá de anuncios publicitarios e máis alá dunha boa campaña pagada cunha axencia de publicidade, cales van a ser os investimentos de Zona Franca no que realmente ten que ser os investimentos de Zona Franca que é o retorno e as posibilidades da industria e dos sectores tecnolóxicos avanzados que debería de ser o que agora mesmo estaríamos discutir ou que debería discutindo a propia Zona Franca, órgano por certo, completamente excluído, o grupo municipal da Marea de Vigo na anterior lexislatura a pesares de ter tres concelleiros, e que se debate nunca se abriu, tamén son as pluralidades na presenza do Concello de Vigo en determinados órganos.

Nós non estamos de acordo con que a batalla sexa esa e que ademais a batalla tamén estaba na posibilidade de entrar a Comunidade de Montes de Cabral, que tamén solicitou entrar neste Padroado, cousa que para nós sería perigosa non, o seguinte a perigoso que sería a clasificación de tóxico, sobre todo polas últimas prácticas inmobiliarias avanzadas da comunidade de montes de Cabral e polo tanto, nós non concordamos con apoiar esta moción mentres non se explique cal é o verdadeiro interese e vontade de que Zona Franca estea no IFEVI porque

descoñecemos, un cando menos, nin sequera se vai a ser captadora de congresos, de eventos, ou simplemente é como digo eu, para ter un brazo máis que levantar nun consello do Padroado que dicimos como volva a converterse en fronte de batalla entre o Partido Popular e o Partido Socialista, nun momento ademais no que Conxemar pende dun fío, no que non se celebrou no ano 2020, está por ver que se fai no 2021, no que xa sabíamos que no ano 2020 non ía chegar a ampliación pero xa comezamos a temer que tampouco vai chegar no 2021.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Vamos a contextualizar debidamente esta moción aquí, e imos a contextualizala porque tamén non é gratuíto que a defensa a concelleira de Urbanismo, é non é gratuíto que veña a este Pleno unha moción sobre o IFEVI sobre calquera cousa ou con calquera excusa por exemplo, que entre Zona Franca no Padroado algo co cal nós non temos ningún problema, nin a favor nin en contra, nos non nos imos a opoñer, o problema aquí é outro o problema aquí é que se está a tapar con esta moción unha vergoña, un problema grave que é a tramitación de ampliación do IFEVI, o primeiro é por que 5 anos despois da anulación do PXOM non temos outro PXOM moderno que prevera as ampliacións dos equipamentos que fora necesaria, non o temos e temos que facer e acudir a a Lei 3/2016, e na tramitación desa lei, na que o Alcalde andivo moi lixeiro meténdolle presa a Xunta de Galicia e na que a Xunta de Galicia tramitou todo en tempo e forma, nos atopamos o 24 de xuño de 2020, cunha noticia tremenda “el Ministerio de Transportes ha emitido un informe en el que dice que la obra afectaría a la limitación de altura para el aterrizaje y a la zona de seguridad de la radio baliza de Peinador. Estas servidumbres aeronáuticas podrían verse vulneradas por las construcciones, asegura el Ministerio”, isto é o que pasa aquí, por iso ven esta moción ao Pleno, para ocultar que hai unha posibilidade, hai unha traba do ministerio porque se necesitan dous informes, algo que por outra banda seguramente vostedes xa sabían porque algo disto xa se escoitou.

É outro atraso máis á ampliación do IFEVI que non ten nada que ver coa Xunta de Galicia é un atraso, hai que esperar por eses informes e o que teríamos que facer e aquí é o que imos a pedir é que o goberno de Vigo e o Alcalde se preocupen de que eses informes sexan favorables.

A Xunta de Galicia fixo o IFEVI e o ampliou dúas veces, vai camiño dunha terceira ese é o compromiso da Xunta de Galicia, cal é o do Sr. Caballero? Nin é quen de que o Ministerio de Transportes mellore os accesos dende a AP-9 para evitar que se colapse a autoestrada cada vez que hai unha feira importante e agora tampouco é quen de garantir que o Ministerio de Transporte autorice a terceira ampliación, non dixo nin mu. Son tan incompetentes que o borrador do PXOM de Vigo que se ensaña con Valadares, metendo unha ampliación brutal do polígono da Pasaxe, non contempla un crecemento futuro do IFEVI máis alá da ampliación que se tramita actualmente, non haberá unha cuarta ampliación con este borrador do PXOM e iso que as súas previsións pois son para 2050, con esta ampliación acabouse, si se fai e se son capaces de conseguir os informes favorables do Ministerio, espero que se poñan a elo. Iso é un asunto para desviar a atención, zona Franca foi a institución pública máis irrelevante durante a crise do COVID-19 en Vigo para as empresas e o tecido produtivo de Vigo, foi tamén a máis irrelevante nos últimos 2 anos, vive da inercia, da xestión anterior, agora se está a converter non nunha axencia de promoción económica senón pois nunha axencia inmobiliaria onde se compran inmobles e se compran como ben resaltou o concelleiro do BNG que me antecedeu na palabra, inmobles para facer despachos ou agora comprarlle Abanca unha operación millonaria en López Mora, non son quen de sacar o Walker Center en Balaídos, que por certo tampouco cumpre co PXOM, esta vez co vixente, agora iso si, todo o que sexa saír na foto aí non hai ningún problema. IFEVI ten garantido o seu futuro cos patróns actuais e se quere incorporar a nova entidade Zona Franca, a Xunta de Galicia non vai a ter problema se se cumpren con requisitos establecidos, iso xa se dixo no Padroado, sempre que sexa para sumar, nos non nos imos a opoñer a que Zona Franca se vaia a incorporar ao IFEVI, xa se verá, ímonos a abster pero nós o que non queremos poñer enriba da mesa é a utilización dunha escusa para ocultar o que hai que é un atraso na tramitación da ampliación do IFEVI polos informes estatais de Aesa, algo que xa se sabía e sobre o cal non fixeron nada, tempo teñen agora de facelo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu sinceramente creo que tal cúmulo de mentiras pois xa me vai a custar responder a todas, porque sinceramente pero como que entregado o Reitorado, pero de que fala vostede? Cunha venda perfectamente legal que fixo

o Concello de Vigo por unha entidade que non fai que é o edificio do Reitorado cun prezo taxado etc., deixémonos de enredar.

Como que isto é un intento de manipulación política, non, equívocase vostedes, e que outras zonas francas tamén están incorporadas nos padroados das feiras que existen pois no seu entorno de influencia, como na cidade de Barcelona, que está a Zona Franca de Barcelona, por que? Porque é un activo promotor económico, porque é un activo promotor de feiras e congresos, porque por exemplo é o promotor activo da semana industrial de Barcelona que mobiliza unha cantidade inxente de persoas pero aquí parece que a iso nos negamos, non nos interesa ou dende logo ao Bloque Nacionalista de Vigo non lle interesa que o IFEVI reforce ese papel como tractor desa actividade de congresos e feiras.

Eu sinceramente creo que precisamente polo momento no que estamos e porque hai que enfrontarnos a unha posición desta nova situación ou nova normalidade na que nos atopamos, a implicación da Zona Franca de Vigo no IFEVI é fundamental para promover esa actividade, e que vostedes por un lado señor de Marea, di que está preocupado pola actividade do IFEVI e hai que impulsala e por outro lado aquel que pode participar de forma activa xerando actividade de Congresos e Feiras, lle negan a maior e negan a participación. Mire, pero o que xa é incomprendible Sr. Marnotes é a súa intervención, incomprendible, eu supoño Sr. Marnotes que a Xunta de Galicia cando presentou este propio proxecto tiña ao menos unha noción básica de que xa estaban na zona de influencia do Aeroporto de Vigo, moi listo non había que ser eh! Porque está ao seu carón e polo tanto, que era necesario un informe de Aesa que avaliara cales son as repercusións dunha instalación que se acomoda a carón doutra e que ten 15 metros de altura, pois era relativamente sinxelo, prevelo, prevelo era sinxelo, vostede parece dicir que a seguridade aérea non lle importa, nós entendemos que é moito mellor facer unha instalación que conte con tódolos informes oportunos, por certo, tamén hai moi pouco tempo que a Xunta de Galicia remitiu a documentación que lle solicitaron os distintos departamentos do ministerio porque senón lembro mal pois foi o día 21 de xuño o último día que remitiron documentación, polo tanto, pois tampouco é que a cousa vaia tan mal, mire vostede remitiron documentación á Xunta de Galicia aos ministerios que lla solicitaron, polo tanto, miren se vostede quere realmente facer e que a Xunta de Galicia se implique na ampliación da AP-9 para

mellorar os accesos ao IFEVI dígalle que faga o mesmo que fixo na cidade da Cultura de Santiago de Compostela, que faga o mesmo, e teremos unhas instalacións magníficas tamén para poder acceder ao IFEVI, pero dende logo o que non se pode é estar aquí dicindo que se está impoñendo un atraso cando a única administración que está colaborando, promovendo, esixindo á Xunta de Galicia esa ampliación dende o momento cero, xunto a Conxemar e o Concello de Vigo, a Xunta de Galicia foi levada polos morros, polo presidente de Conxemar a esta ampliación, porque negábase a facela, afortunadamente agora acaba de sumarse a esta iniciativa.

“No totum revolutum” do Sr. Marnotes no que parece que todo vale, esta moción é bastante clara, once meses despois non hai resposta por parte da Xunta de Galicia é necesaria a participación no Padroado do IFEVI da Zona Franca polo papel activador da actividade económica de turismo, congresos, feiras, etc. que se poden promover no IFEVI, vostedes están a favor ou en contra, é ben sinxelo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, tampouco se atopan as Sras. Silva Rego e Espinosa Mangana).

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.06.2020 (Rex. Nº 2468/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(76).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA, A DOTAR DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E CONECTIVIDADE, PARA O PRÓXIMO CURSO, A TÓDOLOS NENOS/AS QUE O PRECISEN, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2469/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2020, número 2469/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O último trimestre do curso 2019-2020 viuse alterado polo efecto da expansión da Covid 19. Os centros educativos tiveron que suspender a súa actividade presencial a partir do mes de marzo e tiveron que substituíla por outro tipo de actividades de ensinanza empregando, principalmente, a modalidade de traballo a distancia.

Ese cambio no sistema docente puxo de manifesto as dificultades, que moitos nenos e nenas da nosa cidade, tiveron para poder acceder aos medios tecnolóxicos e de conectividade, necesarios para desenvolver a súa actividade educativa de maneira plena e en igualdade de oportunidades.

O Concello de Vigo amosou a súa preocupación pola continua chegada de demandas procedentes dos distintos sectores da comunidade educativa viguesa, no que atinxe á desigualdade de oportunidades que estaba a provocar a fenda dixital no alumnado máis desfavorecido. Chegamos a recibir máis de 700 peticións de equipos informáticos e conectividade.

A existencia desta fenda dixital afectou primordialmente ás familias da nosa cidade que se atopan en situacións de vulnerabilidade, con condicións económicas máis precarias e que xeralmente carecen de dispositivos axeitados e medios de conexión dixital, o cal imposibilitaba ou dificultaba que os seus fillos/as poidan acceder de xeito óptimo a unha educación a distancia.

Ante esta situación ,dende o Concello de Vigo, puxémonos en contacto coa Consellería de Educación para solicitarlle que atendera esta demanda e dera cobertura ás necesidades dixitais das familias da nosa cidade. Dende a Consellería de Educación non foron atendidas esas peticións e tivo que ser o Concello de Vigo o que iniciara unha campaña para intentar dotar de recursos a todas as familias

que o precisaban e reducir, na medida do posible, esa fenda dixital derivada da crise sanitaria da Covid 19. Con esta iniciativa do Concello de Vigo, se repartiron centos de ordenadores e conexións entre as familias da cidade que o necesitaban, para garantir a súa conectividade ata finais de Xullo e para o próximo curso se a situación sanitaria así o require.

Dende o Goberno de España dotouse de recursos económicos e materiais para reducir esa fenda dixital, recursos que dende a Xunta de Galicia non se fixeron chegar aos nenos e nenas da nosa cidade.

A volta a actividade docente presencial implicará unha serie de cambios nos centros educativos. As institucións educativas terán que adaptarse ás novas circunstancias e ademais de afrontar adaptacións curriculares, adaptar programacións e dar formación a docentes e estudantes, terán que afrontar a adaptación dos seus espazos para garantir as medidas de distanciamento, e evitar así os contactos masivos.

O Goberno de España, coñecedor das dificultades para afrontar esas modificacións necesarias para cumprir coas novas medidas de seguridade, anunciou que destinará 2000 millóns de euros a fondo perdido, para que as Comunidades Autónomas poidan facer fronte á reapertura dos centros educativos.

Estas medidas, atopáronse co rexeitamento frontal do Presidente da Xunta de Galicia, que manifestou a súa negativa a reducir o número de alumnos por aula e solicitou ao Goberno de España liberdade para empregar os fondos destinados a educación para outros fins.

O Goberno de España segue a aportar recursos económicos ás CCAA, agora ten que ser a Xunta de Galicia a que empregue esos fondos, aportados polo Goberno de España, para dotar de recursos tecnolóxicos a todos os nenos e nenas e para facer todas ás adaptacións necesarias para garantir a volta ás aulas nas mellores condicións de seguridade.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

ACORDOS

- Instar a Xunta de Galicia a dotar de equipos informáticos e conectividade, para o próximo curso, a todos os nenos e nenas que o precisen, asumindo así as súas competencias.
- Instar a Xunta de Galicia a abonar o custe das conexións e dos ordenadores mercados polo Concello de Vigo durante a crise da Covid 19, para dotar de recursos tecnolóxicos ás familias máis vulnerables, asumindo así as súas competencias.”
-

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: O conselleiro de Sanidade ademais de repartir cheques de 250 euros tiña que vir polo Pleno do Concello de Vigo e repartir unha caixa de tranquimazin para tranquilizar os ánimos dalgún concelleiro que ten bastante pouco respecto por este Pleno.

Gustaríame comezar a miña intervención cun recoñecemento en primeiro lugar a tódolos profesores/as, directores/as e por suposto ás familias que foron garante fundamental nesta pandemia da formación dos nosos fillos/as, como vostedes saben no último trimestre do ano 2019 e 2020 viuse alterado polo efecto da expansión da COVID-19, a formación dos nosos nenos/as. Os centros educativos tiveron que suspender a súa actividade presencial a partir do mes de marzo e tiveron que substituíla por outro tipo de actividades de ensinanza, empregando principalmente a modalidade de traballo a distancia, ese cambio no sistema docente puxo de manifesto as dificultades que moitos nenos/as da nosa cidade tiveron para seguir esa formación on line e para acceder aos medios tecnolóxicos e de conectividade necesarios para a súa formación.

Saben o que fixo o Sr. Feijóo para reducir a fenda dixital dos nenos/as da nosa cidade? Pois ata un mes despois ata o 12 de abril non fixo absolutamente nada, e ese día o 12 de abril repartiu 3 ordenadores aos institutos desta cidade. Os directores nos comentaban en múltiples reunións a dificultade que tiñan para decidir a quen lle daban ese equipo porque tiñan centos e centos de peticións, os institutos e os centros educativos de educación primaria e infantil ao ver este desmantelamento total da Xunta de Galicia o seu desleixo total con este tema, dirixímonos a este Concello para facer as súas peticións, un aluvión de peticións chegamos a recibir máis de 700 peticións que dende o Concello de Vigo xestionamos da mellor maneira posible. Dirixímonos en primeiro lugar á conselleira de Educación via carta, pedíndolle que asumira ás súas competencias e adicara os recursos que o goberno do Estado estaba achegando ás comunidades autónomas, para solicitarlle que atendera ás familias máis vulnerables da nosa cidade.

Dende a consellería de Educación fixeron o de sempre, nada, absolutamente nada, con esta iniciativa do Concello se repartiron centos de ordenadores e conexións ás familias da cidade que o necesitaban, para garantir a súa conectividade ata finais

de xullo e para o próximo curso se fora necesario, por certo, a Xunta de Galicia retirou os ordenadores que entregou, que prestou, os poucos que entregou os prestou ata o 20 de xuño, hai unha semana, chegaron queixas de moitos pais esta semana dicindo que os seus fillos non poderían acceder as clases de reforzo, esa é a política da Xunta de Galicia.

Pero si, o que fixo a Sra. Porro é o que máis lle gusta, facer unha foto con 5 ordenadores facendo a campaña electoral para o Sr. Feijóo, de cara a estas eleccións autonómicas xa que cada vez a afastan máis de Vigo, por algo será e o resumo é o de sempre, a Xunta de Galicia invita e os concellos pagan, pasou cos parques infantís, pasa coa política de comercio, pasa con absolutamente todo.

Dende o goberno de España dotouse ás comunidades autónomas de recursos económicos e materiais para reducir esa fenda dixital, recursos que dende a Xunta de Galicia non se fixeron chegar en ningún momento aos concellos nin aos nenos/as desta cidade. O goberno de España hai uns días, ven de anunciar un fondo de 260 millóns de euros para tódalas comunidades autónomas que decidan adherirse para reducir a fenda dixital, definitivamente, esperemos que o Sr. Feijóo faga uso deses cartos e xa que non cumpre coas súas competencias, polo menos empregue os cartos que lle envía o goberno de España.

Pero agora imos a pensar no próximo curso e o próximo curso é moi importante, pois ben, o País, 8 de xuño, “El gobierno de España destinará 2.000 millones de euros a fondo perdido ás comunidades autónomas para educación” a resposta do Sr. Feijóo, “solo hubo una voz discordante, la del presidente gallego Alberto Nuñez Feijóo que pidió libertad para destinar esa partida a otros fines”, os fins do Sr. Feijóo deben ser as campañas de promoción de cara ás eleccións nos medios de comunicación. Isto é o que lle importa a educación ao Sr. Feijóo, o goberno de España coñecedor destas dificultades para afrontar estas modificacións necesarias para cumprir coas novas medidas de seguridade, o que fixo foi achegar 2.000 millóns de euros para facer as reformas necesarias nos centros educativos, para a contratación de profesorado para reducir o ratio a 15 alumnos por aula como marcan as autoridades sanitarias, algo que non lle gusta ao Sr. Feijóo porque o Sr. Feijóo o que di é o seguinte, “Feijóo se resiste a rebajar el número de alumnos por aula y asegura que el peligro está en los recreos”, pois non Sr. Feijóo, o perigo non está nos recreos, o perigo está na Xunta de Galicia, o perigo chámase, ten nomes

e apelidos, Alberto Nuñez Feijóo, perigo para a educación, para a sanidade, para o comercio, para a industria, en definitiva, perigo para Galicia e para Vigo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Para o BNG o abandono que padeceu a comunidade educativa durante a crise da COVID-19 foi o mellor exemplo da incapacidade de xestión da Xunta de Galicia do Partido Popular, os colexios e institutos públicos da nosa cidade víronse totalmente abandonados, as direccións e o profesorado víronse obrigadas/os a improvisar poñendo todo da súa parte para atender ás necesidades do alumnado e das súas familias.

É claro que a resposta da xunta de Galicia do Partido Popular neste contexto extraordinario foi a da absoluta insuficiencia de medios para corrixir unha fenda dixital que existe pero que non nos afecta a todas/os por igual, senón que se ceba especialmente nas familias con menos recursos, nas familias traballadores e empobrecidas. Familias moitas delas que estiveron literalmente desesperadas por non dispor dun equipo informático co que se conectar ou por non dispor de conexión a internet para poder facelo.

Temos neste sentido que recoñecer o traballo realizado tanto pola concellería de Educación como pola concellería de Política Social para intentar paliar a falla de resposta da Xunta de Galicia neste ámbito da nosa cidade, mais para nós, para o BNG, é moi preocupante que a nefasta xestión durante o que durou a crise da COVID-19, o período de confinamento, agora se esta a engadir a total falla de previsión de cara ao vindeiro curso escolar e moito nos tememos que dado os precedentes, non só durante a crise da COVID-19, senón sobre todo tamén durante toda esta década do goberno do Partido Popular e por ese anuncio, por esa posición política irracional de non querer destinar os recursos necesarios para o ensino público, a Xunta de Galicia do Partido Popular non ten a máis mínima intención de reforzar os medios do ensino público máis unha razón para que o 12 de xuño mandemos a Alberto Nuñez Feijóo á oposición.

SR. PÉREZ CORREA: Se hai algunha evidencia do que ten acontecido estes meses coa crise da COVID-19 é a que puxo enriba da mesa algunhas cuestións que se sospeitaban ou que se denunciaban por parte dos grupos da oposición e que logo cristalizaron na realidade de moitas situacións, cristalizou unha situación de

exclusión e pobreza en moitas familias, cristalizou a dependencia dos cartos negro da economía somerxida en moitas familias e cristalizou a falla de investimentos públicos no sistema educativo e nos centros escolares da nosa cidade, e aí se poderán poñer enriba da mesa centos de iniciativas por parte do goberno da Xunta de Galicia que todas elas van a quedar absolutamente anuladas pola realidade que se viviu a partir do día da orde do peche dos centros educativos da cidade. Improvisación absoluta, os propios docentes non sabían cales ían ser os mecanismos de continuación das aulas pero que ademais con anuncios anulados ao día seguinte, con proposicións que nunca chegaron a tomarse en serio e cunha situación que deixou en mans da boa vontade que por certo foi maioritaria de moitos docentes, a xestión da continuación do curso escolar e unha parte sensible precisamente que cos nenos/as nas súas casas a dispoñibilidade dun equipo informático sinxelo e de conexión a internet, abría unha brecha tecnolóxica que afortunadamente e por decisión das autoridades educativas non influíu porque o sistema de valoración do curso escolar se tomou doutro xeito e se se tomara a decisión de seguir continuando a valoración e o sistema de valoración dos profesores durante todos estes meses, que pasaría cos nenos/as que non tiñan capacidade de ter equipos informáticos e conexión porque parece que dábamos por feito que tódalas familias viguesas teñen conexión a internet ou que tódalas familias viguesas teñen unha conexión a internet suficientemente capaz de soportar clases on line que como sabedes o video streaming é un soporte que require unha conexión cando menos bastante grande e eu súpome á felicitación, creo que ademais funcionou moi ben un sistema que non hai que prescindir del que é o voluntariado, o sistema dos voluntarios que ían aos centros educativos, que recollían equipos ou que entregaban, creo que foi unha medida acertada por parte do goberno local pero que ademais abriu unha batalla ridícula que moitos pais vivimos nalgúns centros que se chamaba o concello porque o concello efectivamente tiña dispoñibilidade e incluso empresas se puxeron a disposición do Concello, os propios traballadores municipais de informática para poñer o software operativo nesos equipos e era a propia Xunta de Galicia a que dicía aos colexios que baixo ningún concepto collera os ordenadores, os equipos informáticos e conexións que daba o Concello de Vigo, ou sexa eu son unha administración incapaz pero non quero que outra administración que pon vontade o faga, iso está

por desgracia por escrito porque está enviado por correo electrónico, o cal é unha vergoña por parte da consellería de Educación que debería levar dimisións porque non pasa nada porque un Concello lle ceda a un centro educativo un equipo informático, non son competencias municipais que os centros educativos teñan equipos informáticos, pero creo que é mellor que sexa o Concello de Vigo o que axude, ou que axude Amancio Ortega ou calquera outro a un centro educativo, e falo dese sistema que sabemos por onde vai a petición do Sr. Feijóo, a petición do Sr. Feijóo é porque hai unha serie de empresas relacionadas co mundo da informática, cos subministros e equipamentos informáticos que están sempre na licitación pública da Xunta de Galicia, podo dicir nomes porque eu traballo no sector e sei perfectamente que empresas son, que se van a levar como levaron as pizarras, como se levaron durante moito tempo os contratos públicos e iso é o que lle preocupa ao Partido Popular pero en todo o caso que isto de acordo nesta moción e imos apoiala porque ademais cremos que hai un escenario de incertezas de cara ao próximo curso escolar, os centros educativos de Vigo agora mesmo tamén teñen unha eiva e tamén é responsabilidade deste Concello que hai 20 e pico centros educativos que agora mesmo non teñen persoal de servizos, xa non para o curso escolar que poderíamos esperar senón para abrir o día da xornada electoral e teríamos que garantir que eses 20 e pico centros educativos que xa se dirixiron á concellería de Educación, o día 12 haxa alguén que abra os colexios e tamén unha urxencia que nos corresponde independentemente de que estamos de acordo con que a Xunta de Galicia se lle preme para que os centros educativos estean funcionando dunha maneira clara a partires da apertura do curso escolar ou se finalmente en setembro os nosos fillos/as teñen que ir a esas clases de reforzo que se anunciaron por parte da consellería pero que aínda están no limbo.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Hoxe eu vexo o Pleno como moito máis forte atacando á xestión que fixo a Xunta de Galicia en tódolos ámbitos, agora imos no ámbito educativo, non estiveron atentos á xestión, polo tanto, creo que debe achegarlle datos obxectivos que dende a concellería de Educación se fixo durante esta Pandemia. No primeiro punto, lle informo que a Xunta de Galicia como sempre garante do seguimento da actividade educativa a todos aqueles alumnos que non dispoñían de conexión, se repartiron un total de 2.755 equipos informáticos,

compostos por portátiles e conexión gratuíta para as familias que o precisaran, a isto hai que sumarlle os equipos que xa estaban dispoñibles nos centros que participaran no programa dixital.

Para próximo curso se ampliará, non se preocupen que se ampliará, que chegará a un total de 400 centros de educativos, 21 dos centros educativos son vigueses, se reforzou con ferramentas para a actividade lectiva durante a Pandemia, o intenso traballo que se levou a cabo dende a consellería para consolidar a transformación dixital nas aulas primeiro foi co proxecto Abalar e agora coa estratexia galega para a educación Edudixital 2020, supuxo un investimento dende o ano 2010 duns 100 millóns de euros en equipamento, se mellorou as infraestruturas con medios dixitais e se implantou os novos servizos e canais de comunicación on line. En segundo lugar, vostede insta á Xunta de Galicia a valorar o custe das conexións e ordenadores comprados polo Concello de Vigo durante a crise e vostede mencionou cando a Sra. Porro, voulle a informar que se repartiron dende a delegación da Xunta de Galicia un total de 1934 ordenadores aos centros escolares ás familias que así o precisaran, pero os criterios de reparto son consensuados coas dirección dos centros que se encargan de entregalos directamente ás familias, priorizando as de menos recursos, non se esquezan que a Xunta de Galicia goberno co diálogo da xente, non podemos esquecernos dos portátiles con conectividade que enviou Apnea, dende a xefatura territorial se intentou dar resposta o máis fácil posible pero seguiranse canalizando as peticións que se veñen recibindo.

Finalmente vostedes instan á Xunta de Galicia a utilizar os cartos a fondo perdido que o goberno de España aporta ás comunidades. Na actualidade a Xunta de Galicia descoñece as condicións dese fondo e cando vai chegar, pero si lle podo dicir que Galicia é unha comunidade cun menor número de alumnos por profesor, 10,3 fronte a media española, 12,4, ademais en canto aos diferentes programas de reforzo durante do curso 19-20, foron un total de 635 centros, un 11% máis que o curso anterior, os que desenvolveron 2.326 accións en algunhas das 9 liñas de actuación dos contratos programa. A consellería atende ás demandas do profesorado externo adicional para desenvolver estas iniciativas contratando 520 profesores/as, a consellería destinou máis de 5,2 millóns de euros, pero antes de finalizar me gustaría rogarlle como xa o fixemos na Comisión Informativa de

Educación que modifiquen a estratexia utilizada para solicitar a beca de comedor e libros, a excelente xestión que fai a Xunta de Galicia a través dos centros escolares, eviten as colas, non cansen máis aos cidadáns, modificar e copiar dos que saben moito máis.

SR. GOMEZ DÍAZ: Felicitacións que fago extensibles as concellerías que colaboraron nesta iniciativa e por suposto ao equipo de voluntario do Concello de Vigo que o fixo un traballo extraordinario como se mencionaba.

Despois desta lectura dunha nota de prensa da Xunta de Galicia eu creo que é bo poñer en contexto a situación e a realidade dos feitos que se levaron a cabo nos últimos meses, nós últimos meses asistimos como comentaba o Sr. Pérez á desfachatez da Xunta de Galicia que cando as familias comezaron a facer peticións a este Concello de conectividade de equipos informáticos o que fixo despois de que este concelleiro lle enviara unha carta á conselleira e por suposto a conselleira contestou á carta mentindo e llo fixen saber na miña resposta, unha vez que este Concello fixo esta iniciativa que comezou a dotar de equipos informáticos e comezou a solicitarlle aos centros educativos que nos pasaran o número de familias e que necesitaban esa conectividade, ordenadores, conexións, que fixo a Xunta de Galicia? Pois a Xunta de Galicia foi enviar unha carta aos directores, a través da inspección educativa dicíndolles que rexeitaran de forma inmediata os equipos informáticos que ofrecía o Concello de Vigo, esa é a realidade, ademais de non facer, boicotean o traballo dos que queren facer.

Como sempre esa é a posición do Sr. Feijóo e neste caso da conselleira de Educación e despois diso cando se comezaron a repartir os ordenadores entráronlle as presas a señora delegada da Xunta de Galicia, a Sra. Porro e apresurouse en facer fotos con 5 ou 6 ordenadores na sede da Xunta de Galicia dicindo que ían repartir ordenadores ou que se lle esqueceu á Sra. Porro é que para que os nenos poidan traballar na súa casa e seguir as clases de forma telemática é necesaria unha cousa moi importante é que non debe coñecer que é a conexión, que pasaba? Os centros educativos se dirixían ao Concello de Vigo pedindo ás conexións que a Xunta de Galicia non lle daba e lle deixou 4 ordenadores, dicía que deron 2.500 equipos, si, para toda Galicia despois que repartiron, cando comezaron a repartirse os ordenadores e as conexións deste

concello, comezaron a repartir a toda presa, a prestar ordenadores que en moitos casos nin servían para seguir as clases telemáticas e repartiron si 1.500 en toda a área de Vigo, non no Concello de Vigo e na área de Vigo lles lembro que hai 14 concellos, entón é bo poñer os datos en contexto.

Pero a verdade o papelón que teñen os concelleiros do Partido Popular en Vigo é complicado, entendo que é moi complexo estar aquí sendo concelleiros electos por este Concello e ter que facer unha campaña continuada e tódolos plenos, tódolos días a prol das políticas da Xunta de Galicia, é moi difícil defender esa postura algúns van na súa campaña co lema “Galicia, Galicia, Galicia” e outros veñen ao Pleno do Concello de Vigo co lema “Santiago, Santiago, Santiago”.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, tampouco se atopa a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.06.2020 (Rex. Nº 2469/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9(77).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DO 27.04 AO 17.05). EXPTE. 812/1102 (REXISTRO PLENO 2452/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 812/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

10(78).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS (DO 27.04 AO 17.05). EXPTE. 813/1102 (REXISTRO PLENO 2453/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 813/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

11(79).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DO 18.05 AO 21.06). EXPTE. 837/1102 (REXISTRO PLENO 2454/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 837/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

12(80).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS (DO 18.05 AO 21.06). EXPTE. 838/1102 (REXISTRO PLENO 2455/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 838/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

.- MOCIÓNS.

13(81).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, INSTANDO AO GOBERNO LOCAL Á RETIRADA DO BUSTO DE JUAN CARLOS I DO ACCESO PRINCIPAL Á CASA CONSISTORIAL E O CAMBIO DE NOME DA PRAZA DO REI. REXISTRO PLENO 2461/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2020, número 2461/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

“MOCIÓN POLA RETIRADA DO BUSTO DE JUAN CARLOS I E O CAMBIO DE NOME DA PRAZA DO REI

Nos últimos anos, diversas cidades están a retirar os nomes da familia real dos viarios municipais así como as distincións outorgadas no pasado, por considerarse a monarquía como unha figura anacrónica e, cada vez, máis asociada a presuntas

irregularidades económicas e delituosas derivadas do abuso dos cargos que ostentan.

Á sucesión de episodios negativos que fixeron abdicar o Rei Juan Carlos I, súmase a recente investigación que motivou que o seu fillo, o Rei Felipe VI, acordase retirarlle a asignación económica que recibía dos Orzamentos Xerais do Estado, unha cantidade de 194.232 euros brutos anuais, ademais de facer o anuncio público de renunciar á súa herdanza ante as presuntas irregularidades da procedencia do seu diñeiro.

Isto transcendeu porque a Fiscalía do Tribunal Supremo vén de abrir unha investigación sobre a posíbel intervención do Rei Emérito Juan Carlos I no cobro de comisións durante o proceso de adxudicación a empresas españolas na construción da liña de ferrocarril de Medina á Meca, en Arabia Saudí, un feito que podería ter repercusión penal ao non estar xa amparado pola inviolabilidade que lle confire o artigo 56.3 da Constitución española ao xefe do Estado por se tratar de feitos acontecidos con posterioridade ao 19 de xuño de 2014, data da súa abdicación, e aparecer novos indicios delituosos que o implican.

A imaxe de Juan Carlos I, elixido polo ditador Francisco Franco en xullo de 1969 como o seu herdeiro a título de Rei, viuse especialmente deteriorada ao coñecerse os feitos da trama Nón, na que el presuntamente participaba sendo aforado; o uso de fondos reservados para fins supostamente ilícitos; atribúeselle a suposta implicación en roubos de coleccións de arte; a participación en xornadas de caza de elefantes en Botswana; vinculacións de negocios irregulares coa oligarquía saudita e con Corinna Larssen, á que mesmo nos Orzamentos Xerais do Estado consignaron unha partida para o seu aloxamento nunha vivenda situada perto da Zarzuela.

Na actualidade a Fiscalía está a investigar indicios de delitos coa presunta implicación do Rei Emérito relacionados co branqueo de capitais, cobros de comisións e fraude fiscal; cuestións que, xunto cos motivos que o levaron a abdicar, non o fan digno da distinción que representa que o seu busto presida o acceso principal da casa consistorial do Concello de Vigo na praza que foi nomeada do Rei precisamente na súa honra.

Diante de comportamentos presuntamente corruptos e inmorais, o Rei Emérito merece o reproche e o rexeitamento democrático, tal e como expresaron millares de viguesas e vigueses que fixeron resoar a súa indignación nunha impresionante cazolada o pasado 18 de marzo, en pleno confinamento polo coronavirus. Un protesto que expresou tamén a censura social cara a propia monarquía como institución antidemocrática e anacrónica, resultando incomprensíbel que en pleno século XXI a xefatura de Estado poida ser asumida por liñaxe de sangue, por razón de berce.

Unha recente proxección demoscópica, elaborada por Electomania e publicada en días recentes, recolle que no noso municipio o 56,6% da poboación é partidaria da retirada do retrato de Juan Carlos I dos edificios públicos. Nese mesmo panel, recollíase a desaprobación xeral da monarquía por parte da cidadanía viguesa

cunha nota de 4,5 sobre 10, así como a preferencia maioritaria da república como forma de estado sobre a monarquía (o 51,7% das viguesas e vigueses prefiren a república, fronte ao 44,4% que aposta en manter a monarquía).

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1 Instar o Goberno Municipal á retirada do busto do Rei Emérito, Juan Carlos I, do acceso principal da casa consistorial do Concello de Vigo, e de todos os retratos del que puidesen continuar presentes e exhibidos en dependencias municipais.

2 Instar o Goberno Municipal a iniciar o proceso para o cambio de nome da praza do Rei da nosa cidade.”

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Dende o BNG imos a propoñerlles que fagamos un exercicio que é imaxinar por un momento que un Alcalde/sa cun presidente/a dunha comunidade autónoma, cun ministro/a se visen envoltos nunha trama de corrupción institucional en favor do seu xenro, se desprazasen con fondos públicos a matar elefantes a África ou que a fiscalía os estivese a investigar por indicios clamorosos de delitos graves de branqueo de capitais, cobro de comisións e fraude fiscal, cobro de comisións de réximes totalitarios e ademais como é o caso da Arabia Saudí, que dirían os diferentes grupos políticos desta corporación? Que diríamos as diferentes forzas políticas, eu estou certo, no Bloque Nacionalista Galego estamos certos de que habería un contundente reproche a estes comportamentos corruptos e inmorais, e o BNG entendemos que ese reproche e aínda máis necesario cando este tipo de comportamentos envolven nada menos que a persoa que ostentou a Xefatura de Estado de 1977 a 2014, non só entende o Bloque así o entenden unha maioría clara dos vigueses/as que o pasado 18 de marzo, en pleno confinamento, protagonizaron unha cazerolada impresionante trasladando indignación diante das informacións que apuntaban a este tipo de comportamentos e estes presuntos delitos por parte do Rey Emérito.

Por iso, unha recente proxección demoscópica recolle que ata preto de 6 de cada 10 vigueses/as acreditamos en que o pertinente é retirar os retratos públicos ás honras ao Rey Emérito.

Si xa é inxustificable que en pleno século XXI, unha forma de estado anacrónica como a monarquía onde a xefatura de estado se outorga por razón de sangue, por razón de nacemento, é aínda máis inaceptable nesta altura histórica que a esa condición se lle engada o privilexio da impiedade e é por iso que o Bloque Nacionalista Galego con esta moción queremos propoñer que se procede a retirar o busto do Rey Emérito Juan Carlos I, do acceso principal da Casa Consistorial do Concello de Vigo, que se retiren tamén tódolos os retratos del que puidesen continuar presentes e exhibidos en dependencias municipais e que se inicie o proceso por parte do goberno municipal para o cambio do nome da praza do Rey que foi elixido precisamente en honra a este monarca.

Trátase polo tanto de estar á altura do nivel de esixencia democrática e de exemplaridade que dende logo a cidadanía hoxe mandata de maneira absolutamente clara. Trátase polo tanto dunha acción simbólica pero cun profundo significado e temos que enviar a mensaxe de que non por ser monarca, non por ser Xefe de Estado, non por ocupar ningún nivel institucional se ten carta branca nin se ten dereito a pisotear para practicar determinados comportamentos nalgúns casos de presuntamente delitivos e noutros dende logo absolutamente reprochables.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: O equipo ou séquito sería mellor dicir, e máis tarde foi tamén recoñecido, non tacitamente, senón publica e abertamente polo seu fillo e sucesor Felipe VI cando renunciou a súa herdanza salvando claro a verdadeira herdanza que é a coroa que é monarquía, pero deixando en todo caso de manifesto o que todo o mundo sabía e sabe no estado español, o Rey Emérito está reprobado, carece de lexitimidade, non representa xa mais os seus propios intereses corruptos, polo tanto, compre eliminar calquera recoñecemento a Juan Carlos I por hixiene democrática, pero ademais o Concello debería afrontar un proceso de revisión da simboloxía e iconografía monárquica no seo do edificio do Concello e no que respecta tamén a súa presenza na cidade, como xa están a facer outros concellos progresistas, como Barcelona e Parlamentos autonómicos como o de Navarra, é unha mágoa que o grupo Socialista votase en contra da moción que a Marea de Vigo trouxo a este Pleno sobre medidas de memoria histórica e democrática na cidade de Vigo e que propoñía como acordo número un

a creación dunha oficina de memoria histórica na que se dese encontro a historiadores, investigadores/as, asociacións memorialistas co obxectivo de abordar de feito planificado e rigoroso as principais medidas que precisa Vigo neste ámbito, esa oficina podería hoxe estudar a simboloxía monárquica e que debe ser retirada e tamén como incorporar elementos de memoria da tradición republicana de Vigo que actualmente se atopa infrarepresentada.

Nos agradecemos e saúdamos publicamente que o concelleiro delegado de Cultura o Sr. Losada, dese acuse de recibo a nosa petición de mudar o topónimo da Praza do Rei, inaugurada por Juan Carlos I en 1976, restituíndo o anterior campo de Granada e tamén de retirar o busto de Juan Carlos I da entrada principal do Concello, é unha boa nova e en todo caso un xesto que se afasta da arrogancia e da suficiencia que tantas veces vemos por parte do executivo local, pero seguimos lamentando a ausencia de políticas culturais de memoria neste Concello ou ao contrario debería dicir que lamentamos a existencia e determinadas políticas culturais de memoria porque mentres a Vicepresidenta primeira do goberno central, Carmen Calvo, anuncia a inminente reforma da Lei de memoria histórica democrática para cumprir coas necesarias débedas que o estado español segue tendo coas vítimas do franquismo, nesta cidade o goberno local segue negándose a identificar os escenarios da memoria e ordena expresamente non colocar unha placa explicativa do que foi o museo Marco, co que significa na historia Vigo ese edificio, o mesmo goberno local que agora pretende instalarnos, xunto coa Deputación provincial, nada menos que a un sagrado corazón de 7 toneladas no alto da Guía en pleno 2020, nun estado aconfesional, o Sagrado Corazón non é San Roque hai que dicilo, o Sagrado Corazón é unha imaxe de culto político relixioso ligada ao principio doutrinal do reinado social de Cristo, extensamente empregada no franquismo e relacionada con asociacións de extrema de dereita e de grupos ultracatólicos, será a primeira vez en democracia que un símbolo de uso propagandístico da ditadura se ergue nunha cidade gobernada por un alcalde do PSOE, fronte a alianza deste goberno local socialista coa dereita seguiremos a defender un espazo público democrático e só pode construírse sobre as bases da igualdade do republicanismo e do laicismo. E falamos da memoria, de simboloxía do imaxinario de Vigo entón, quería citar o último artigo de Manuel Bragado titulado “Vigo, barcos, coches e libros”, son as actividades económicas e a súa

continuidade ata mellor explican cada unha das comunidades humanas, países e cidade e cita “o patrimonio industrial de Vigo pese a que o goberno local e a Xunta de Galicia deixan caer é o noso verdadeiro símbolo, construído polas mulleres e homes que dende hai máis dun século erguen cada día esta cidade coas súas mans, facendo historia e futuro de Vigo”.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Hai hoxe aquí catro concelleiros defendendo cada un co seu estilo e coa serenidade de Patricia coa rotundidade de Jesús, coa claridade de Teresa ou coa miña vehemencia pero nós non vimos aquí a repartir consignas, felicito aos meus compañeiros que me antecederon na palabra, os meus compañeiros concelleiros polas súas intervencións nos que non están repartindo consignas senón expresando opinións como digo con serenidade, con rotundidade, con claridade e con vehemencia.

Punto número 13, mal número se non crece, pedíu a CUP e pediu Podemos que caese a estatua de Colón de Barcelona e o BNG para non quedarse atrás apúntase rapidamente e quere que caía tamén o busto do Rei, algún despistado pediu tamén que caese a de Cervantes, non sei se será o caso. Desplómase a nova política, a política de Podemos que pronto se apuntou ao chalet na serra, ao coche oficial, ao despacho, á bandeira, para min e para miña señora a nai dos meus fillos, iso si que é unha dinastía, explosionou Marea en mil pedazos, aí se que houbo unha guerra de sucesión e non a que houbo en España hai máis de dous séculos, caeu Beiras no BNG, que o ía dicir hai anos, xa non está, iso si que foi un destronamento, un xogo de tronos e aí está o BNG vendo pasar o tempo e apuntándose a este posturo republicano a ver se apañamos algún voto máis para as autonómicas, a ver por que sinceramente Sr. Pérez Iglesias, o que pasou con esa moción ou postura do xabarís en Coia non lle deu tanto protagonismo como lle vai a dar agora isto de atacar a figura do Rei.

Sr. Pérez Iglesias, ao partido Popular non nos molestan nin as ideas nin os partidos republicanos, que va, todo o contrario, é máis a súa propia existencia lexitima unha monarquía parlamentaria o que si nos chama a atención é este curioso xeito de que ondeen hoxe ven aquí a bandeira republicana española co morado de Castilla e vaian nun debate tamén moi español de facer esta revisión e este revisionismo e este revanchismo histórico aproveitando que o Pisuerga non pasa

por Valladolid, hoxe parece que pasa por Barcelona. O dito, a ver se lles cae algo do derrube das Mareas e de Podemos, eu non vou a facer aquí unha defensa histórica da monarquía, nin tampouco vou a golsar aquí a figura do Rei de España, eu o que vou a dicir aquí é que no ano 76, no mes de xullo, o entón Rei D. Juan Carlos I, efectivamente estivo en Vigo e como glosou Gerardo González Martín nunha crónica marabillosa do entón recen nacido El País, máis de 60.000 vigueses esperanzados lle miraban aquí na praza do Rei e na ladeira do Castro, porque con el viña a amnistía que se aprobou catro días despois, con el viña a democracia e con el viña a tolerancia, con el viña a igualdade e con el viña precisamente tamén a descentralización do Estado, pouco tempo despois desa visita non pasou nin un ano Galicia tiña a preautonomía con Galicia, con Cataluña e con Euskadi. Mire vostede, efectivamente o Rei Juan Carlos recibiu tódolos poderes inmensos, que tiña o ditador Franco, porque eran poderes de guerra e os empregou para devolver a democracia aos españois, para devolvela e máis, entre novembro do 75 e xuño do 77, que foron as primeiras eleccións democráticas non pasaron nin dous anos e que é o tempo que leva O Sr. Pedro Sánchez na Moncloa sen ser capaz de facer un orzamento, pois un Rei demócrata empregou uns poderes que todo o mundo pensaba que ía utilizar para outra cousa, para devolvernollos a democracia. A praza do Rei, pois podía chamarse a praza do BNG, porque é un páramo por onde non pasa ninguén, que é mellor rodear e que non podemos atravesar sen que quede máis remedio, nos gustaría un lugar máis digno pero é o que temos, e o busto do Rei tampouco é que sexa un xigantesco monumento que seguramente o Rei terá no futuro cando se lle faga xustiza histórica que é o que buscan os reis, o certo é que este busto é algo discreto, imos a deixar onde está e imos a deixar de facer política con cousas que non importan aos cidadáns porque á vista que as colas non son apuntarse á República senón as que teñen aquí detrás para pedir a renda mínima.

SR. LÓPEZ FONT: Pensando na miña a saúde se o chego a saber pido intervir antes que vostede Sr. Marnotes, porque a verdade me custa recuperarme despois desta intervención. Indo ao concreto na moción, nós nos negamos a que este Pleno se converta nunha especie de tribunal que ten que ditar esas sentencias xudiciais que non existen, neste momento non hai ningunha decisión e polo tanto, nós neste

debate certamente non entramos o que pasa é que é moi curiosa a moción porque ata en nove ocasións se fala de presuncións, presuntas irregularidades unha, posible intervención outra, podería ter repercusión penal, tres, aparecer novos indicios, catro, presumiblemente participaba, se lle atribúe suposta implicación, se está a investigar, novamente presunta implicación, presuntamente correctos e inmorais, bueno, isto é un pouco a moción de tódalas presuncións que eu non sei si é que certamente non se tivo o correspondente rigor á hora de redactar ou si é que se tivo a cautela de pensar non me vaia a meter nun charco peor.

Polo tanto, con todo o cariño do mundo, cremos que esta é unha moción máis para chamar a atención que do rigor que se debería de ter aquí e ademais cunha particularidade, en xuño do 1999 por esa Praza do Rei, por esa porta que da acceso ao concello, entraba un Alcalde nacionalista por primeira vez, en xuño do 2003, ese Alcalde nacionalista por aquilo da alternancia democrática, saía do seu posto de Alcalde, no 1999 a praza se chamaba de El Rei e non 2003 tamén se chamaba El Rei, tamén a monarquía parlamentaria era a forma política do estado español e naquel momento tamén continuaba e o era. Polo tanto, non sei por que non o cambiaron? Nós neste salón de Pleno non consideramos que debe ser un tribunal como dicía anteriormente e tampouco para misturar este debate con cal debe de ser a forma política do estado español. A constitución de 1978 define literalmente que a forma política do estado español é a monarquía parlamentaria e isto é así dende o 78 pero tamén é o que vai permitir que o 13 xullo haxa un presidente da Xunta de Galicia ou unha presidenta. Polo tanto, isto certamente cremos que non é debate de aquí, porque ademais entendemos que esta Constitución goza de toda a lexitimidade neste momento, se que se quere modificar a Constitución, dende logo on será este salón de Plenos e este debate senón se deberá decidir no Parlamento e por unha ampla maioría, sinceramente e dada que se fala de estimacións, de demoscopia e doutras cuestións, dáme a impresión de que coa actual composición do Parlamento español que é o que decidiron os españois, este tema non está nin moito menos entre as preocupacións, pero dado que se fala de desmocracia e dado que se fala de intencións e que se fala de pronunciamentos por parte dos cidadás, eu creo que hai unha coincidencia na demoscopia absolutamente total e cales son as preocupacións dos cidadás e é que debemos de aunar esforzos absolutamente

todos e de atopar solucións á crise sanitaria e económica, porque debemos de preocuparnos do ingreso mínimo vital, debemos de preocuparnos de manter os ERTEs, debemos de preocuparnos, como dicíamos nunha das nosas mocións, de que eses 140.000 euros que España necesita para a reconstrución sexan unha realidade, e cremos que non é o momento de levantar nin bustos nin de cambiar nomes porque ademais sempre se ampara estas cuestións se fala da simboloxía e a simboloxía non está rifado co rigor. Recordo Sra. Méndez que a Lei de memoria histórica é do Partido Socialista, recordo que este goberno ten un xardín da memoria histórica que honra a os que defenderon a democracia e recordo que recentemente este goberno estaba atallando coa Xunta de Galicia para que o emblema que figura no Santa Irene se retire.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Con todo o respecto non sorprende a posición do partido Socialista, vostedes son republicanos/as na intimidade e socialistas a media pensión na práctica, non é novidoso. En todo caso a posición do Partido Popular é unha primeira consideración, non serei eu sospeitoso de defender a composición deste goberno español, máis dende logo é inaceptable que se compare a dinastía monarquía onde un recibe privilexios por razón de cuna con facer parte dun ministerio, por facer parte dunha determinada responsabilidade política porque entendo que a persoa que se está aludindo que é Ministra de Igualdade a Sra. Montero, non é ministra nin ostenta responsabilidade por ser muller de ninguén senón por decisión libre e democrática, hai determinadas machiruladas que non son aceptables tampouco nesta altura. E claro que o voceiro do Partido Popular renunciou hai tempo a exercer de líder da oposición por máis que se repite o título diante do espello cada mañá, é claro, renunciou a ser líder da oposición porque o Partido Popular non ten alternativa para Vigo e decidiu improvisar como mal monoloxista nas sesións plenarias. Claro republicano si, o Bloque Nacionalista Galego non mentimos, non ocultamos Republica galego, niso probablemente non concordamos tamén na fraternidade con outras opcións republicanas, pero eu o que si que lle quero recoñecer ao Partido Popular é a coherencia, é totalmente normal que o Partido Popular da Gürtel non se permita o luxo, privilexio de reprochar a presunta corrupción de ninguén, tampouco obviamente do monarca emérito, e claro que o Partido Popular tampouco vai a renunciar á monarquía como

símbolo da súa fraternal unión coa ultradereita españolista de Vox, claro están a competir para ver quen é máis monárquico entre as dúas ramas no da dereita reaccionaria, é normal, polo tanto, esa posición, pero si que entendemos que a cuestión que aquí se trae abra un debate de fondo, dicía o Sr. Font, no actual congreso ninguén ten vontade, e por que non lle preguntamos á cidadanía que forma de estado queren asumir?.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, tampouco se atopa a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e vinte e dous votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.06.2020 (Rex. Nº 2461/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. López Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

14(82).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO LOCAL QUE APOIE E DEIXE DE POÑER

OBSTÁCULOS ÁS MEDIDAS E INVESTIMENTOS DA XUNTA DE GALICIA EN VIGO. EXPTE. 2464/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2020, número 2464/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A posición de Vigo como maior cidade do Noroeste precisa, para seu mantemento e reforzo, de fortes investimentos públicos en infraestruturas e dotacións tanto do propio concello, como dos gobernos central e autonómico, de apoio ao noso tecido empresarial e social.

Logo dun sostido e permanente apoio do Estado á cidade, os últimos dous anos significaron unha redución do investimento do goberno central unido a unha paralización dos proxectos esenciais para Vigo dos que son bos exemplos a liña de moi alta tensión para o polígono de Balaídos, a demora na addenda da estación intermodal, o AVE a Vigo por Cerdedo, a nova saída cara a Porriño da autovía, a saída Sur por ferrocarril, o Eixo Atlántico de Mercadorías ou a Biblioteca Pública do Estado. Parálise cando non oposición frontal, como estamos vendo na ampliación do IFEVI.

Esta parálise é moito máis clamorosa tendo en conta que o esforzo inversor en Vigo da Xunta de Galicia é permanente, intenso, sostido no tempo e incrementase ano a ano en infraestruturas, en gasto social e tamén en apoio ao tecido económico. Centos e centos de millóns de euros que cada ano dan soporte por exemplo e só por mencionar os dos últimos anos; a nova Cidade da Xustiza, o Hospital Público Álvaro Cunqueiro, os investimentos nos centros de saúde ou a construción dun novo en Bouzas, as ampliacións do IFEVI, a depuradora, os investimentos do Consorcio do Casco Vello, a intermodal e accesos a Vialia, á reforma das estradas autonómicas, etc, etc, etc

Ademais, están previstos novos investimentos públicos nos antigos xulgados que se dotarán dun novo equipamento educativo e de outro sanitario, o centro interxeneracional na Avenida de Madrid, a nova sede do CGAC, a residencia da terceira idade na ETEA e o propio desenvolvemento dela son tamén exemplos de que ese esforzo vai continuar.

Fronte a este compromiso, do Concello de Vigo non hai máis que obstáculos: ao transporte metropolitano, ao desenvolvemento da ETEA, á aprobación da ampliación de Navia, ao convenio de incendios forestais, ao barrio cultural no casco vello, ao saneamento de Teis...

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno municipal a apoiar e deixar de tentar de poñer obstáculos ás medidas e investimentos que realiza a Xunta de Galicia en Vigo.”

DEBATE:

SRA EGERIQUE MOSQUERA: Estiven atenta á intervención, á moción de educación que sempre teño moita sensibilidade por eses temas, o concelleiro do PSOE dixo o Sr. Feijóo 38 veces en 5 minutos, o concelleiro do Bloque dixo 1 en tres minutos e o señor de Marea dúas veces en dous minutos, eu creo que hai unha verdadeira obsesión ou un amor absoluto ao Sr. Feijóo, vostedes están Feijóo, Feijóo, Feijoo nos imos con datos, feitos, nos imos falar dos investimentos da Xunta de Galicia, de tódolos galegos en Vigo e do compromiso por suposto do Sr. Feijóo con Vigo dende que é presidente da xunta de Galicia e non é presidente porque se nos antolla a nós, os 4 concelleiros do Partido Popular que ben defendemos o noso papel nesta cidade como di o voceiro o Sr. Marnotes, e porque o elixen tódolos galegos para que sexa presidente da Xunta de Galicia, polo tanto, nós queremos pedirlle a este Concello, a esta Corporación municipal, aos que estades aquí presentes, aos que estades telematicamente conectados, xa que ademais vivimos unha situación moi complicada que cambien de actitude, que se repensen a súa estratexia de actitude para beneficiar a tódolos vigueses, insisto para beneficiar a esta cidade, deixar de poñer obstáculos ás medidas, aos convenios e aos investimentos que fai a Xunta de Galicia cos cartos de tódolos galegos en Vigo, porque é unha cantidade bastante elevada porque realmente no lo merecemos, somos a cidade do noroeste máis importante, por suposto a máis importante de Galicia e a Xunta de Galicia ten que colaborar absolutamente con esta cidade e é o que fai, a min gustaríame deixar claro que a Xunta de Galicia está en presenza permanente nesta cidade, está ademais coa man tendida, a pesares de todo eu teño que dicir que tódolos investimentos e infraestruturas estanse a facer con moitos trabas e pois con moitas paus nas rodas e no camiño pero iso non parou e nun impediu en ningún momento que se loitase, se pelexase por facer infraestruturas importantes como o hospital Álvaro Cunqueiro e como a que se está

facendo agora a Cidade de Xustiza, a máis visible a estación Vialia, as máis visibles, pero a cantidade de cartos que se están a investir nesta cidade porque ben o necesita. A vostedes moléstalles a presenza da Xunta de Galicia, do Sr. Feijóo, hoxe comprobamos Feijóo, Feijóo, Feijóo, todo o rato, Feijóo, cunha maneira obsesiva, pero nós como Partido Popular temos que poñer enriba da mesa todo o que teñen feito e temos que pedirles que teñen que convivir e teñen respectar ao Partido Popular porque moitos veciños están amordazados polo que vostedes lles din, dende o Partido Socialista e dende o goberno do Sr. Caballero neste Concello, polo tanto, o que di o señor concelleiro o Sr. Gorka que di que nós temos que facer un papelón, o papelón é seu, dos 19 concelleiros que ten o Sr. Caballero que non lles deixa falar, traballar, non lles deixa acudir aos sitios sen pedir permiso, esa é a situación que teñen que vivir vostedes e polo tanto nós como Xunta de Galicia e como concelleiros do Partido Popular de Vigo, de Vigo, libremente movémonos por esta cidade e defendemos ademais tódolos investimentos que fai a Xunta de Galicia porque dixémolo moitas veces, por moitas veces que vostedes digan e insistan e teñen esa obsesión con Sr. Feijóo e que o Sr. Feijóo ataca a Vigo, iso non é certo, insisto, ante a súa obsesión nos temos datos e nos temos feitos. Polo tanto, facemos unha verdadeira oposición porque eu digo tamén aos concelleiros de Marea e os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego están vetados en moitas ocasións nas asociacións de veciños e nos lugares de Vigo que vostedes chaman previamente ante un acto por si vamos ou non vamos pero agora van todos xuntos, agora neste período electoral, a verdadeira oposición ten que facela o Partido Popular de Vigo, os concelleiros de Vigo e aquí estamos nós para dicir as verdades e para pedir nunha moción e ademais con todo o talante do mundo, un cambio de actitude, para convivir todos e para tirar xuntos por esta cidade que é a cidade de Vigo.

Mire, a Xunta de Galicia nos últimos anos fixo o esforzo inversor permanente, intenso, sostido no tempo pero vostedes como Concello e como goberno municipal nin invisten nin deixan investir, eu creo que ademais foi moi notorio e foi moi visible nestes tres meses que estivemos confinados que ademais pois recibimos moita información, puidemos ver como é a actitude dun goberno de Podemos e do Partido Socialista apoiado por nacionalistas no estado, puidemos ver como actuaron as diferentes administracións, eu creo que iso queda posto de manifesto

e que é un bo momento para que vostedes cambien de actitude, insisto, incrementase ano a ano os investimentos en políticas sociais e a cidade que máis investimentos recibe de parte da Xunta de Galicia, falaba antes de educación, vostedes teñen unha obsesión en dicir que a Xunta de Galicia non cumpre coa educación en Vigo e é unha cidade das que ten as mellores infraestruturas, tanto educativas como infraestruturas sanitarias, se están a facer ademais un novo centro de saúde en Bouzas, insisto, que o Álvaro Cunqueiro foi un balón de osixeno para esta comunidade autónoma e para outras provincias, é unha infraestructura moderna que eu creo que hai que ter en conta e que hai que valorar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque nacionalista Galego sempre que criticamos o estéril pin-pan-pun partidista entre Xunta de Galicia e Concello, entre concello e Xunta de Galicia, no que na nosa opinión acaba por perder habitualmente a cidade, máis dito isto, dende logo estamos diante dunha moción sádica que raia case no autofustigamento, porque hai que ter valor precisamente neste contexto para vir aquí a falar de investimentos que se bloquean, mire, o Partido Popular hai moi poucos meses no Parlamento de Galicia rexeitou todas e cada unha das emendas que o Bloque Nacionalista Galego presentamos para incrementar en case 57 millóns de euros o investimento da Xunta de Galicia en Vigo, cales son as actuacións que se bloquean? A residencia da Etea que nun vídeo o Sr. Feijóo di que se está a construír, non clarificou que se está a construír a maqueta da residencia na Etea, o instituto de Navia que agora di que si pero que ía ser que non, o túnel de Julián Estévez que non sei en cantos períodos electorais prometeren que se ían impulsar ou as cero novas prazas públicas de educación infantil que puxo en marcha a Xunta de Galicia, se descontamos a escola infantil que se habilitou fundamentalmente para persoal sanitario no hospital Álvaro Cunqueiro. Miren, o Partido Popular se confunde e ademais insulta á intelixencia das viguesas/es, se cree que con este dioivo de anuncios, de promesas, de infografías que cada día nos deleitan neste período preelectoral, van poder ocultar o total abandono que a Xunta de Galicia do Partido Popular, do Sr. Feijóo practicou de maneira deliberada e sistemática contra a principal cidade de Galicia.

Dende logo pensan, mire o COVID-19 nos quitou moitas cousas, lle quitou a vida a 619 galegas/os, fixo enfermar a varios millares, temos a moita xente preocupada,

o que nos quitou as viguesas/es o COVID-19, é a memoria e dende logo o Partido Popular se confunde se pensa que a xente vai esquecer o abandono que practicou contra Vigo durante este 11 anos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós sempre dicimos ao mesmo sobre este equipo de mocións porque ademais son recorrentes, tanto no Partido Socialista como no Partido Popular, instar ao goberno municipal a deixar de tentar poñer obstáculos ás medidas de investimentos da Xunta de Galicia, e analogamente temos moitas mocións que instan á Xunta de Galicia a deixar de poñer obstáculos a actuacións municipais e como nunca se nos definen nin se nos poñen enriba da mesa cales son, porque eu podo imaxinar o que propón o Partido Popular é que pola noite os concellos do Partido Socialista van a sacarlle o gasóleo ás máquinas para que as obras non prosperen e pode ser perfectamente un criterio que vostedes introducen aquí. Polo tanto, o Partido Socialista como o Partido Popular nunca din claramente cales son os boicots, eu quero saber cales son porque se realmente hai unha administración que está parando de maneira tendenciosa unha contratación, unha licitación pública hai que ir a un xulgado porque pode constitutivo de delito que se obre dunha maneira para evitar que un procedemento administrativo, que unha obra ou que haxa unha tentativa de cunha actuación pois obviamente actuar contra os intereses dunha administración pública, e o mesmo lle digo ao Partido Socialista cando propón este tipo de mocións porque ademais si que sabemos que hai oportunismo político nas actuacións, hai oportunismo político pois que non estea seguramente a ampliación de Navia no Pleno cando foi a Comisión Informativa ou cando foi, neste caso, á Xerencia de Urbanismo pois sería tamén motivo de explicar porque non está a ampliación das últimas fases de Navia, pero hai outras cuestións que vostedes poñen como boicot, os que seguimos a contratación pública pois creo que a estación Intermodal, os atrasos pois teñen que ver con modificacións técnicas da obra que ademais vostedes estaban na mesma Xerencia na que se explicaron cales eran os motivos, as modificacións de prezos, cousas que entran dentro do normal da licitación pública, pero é que este tipo de mocións tamén amosan unha miseria política que vive esta cidade e que mentres non haxa colaboración entre Xunta de Galicia e Concello, mentres non haxa colaboración entre Concello e Xunta de Galicia pois estaremos abrindo

debates, o AVE imos cumprir 30 anos de debate por onde entre o AVE, eu estou moi farto, eu creo xa non lle interesa aos vigueses esta cuestión, si vostedes queren pelexar por si vai entrar por Cerdedo, polo Miño, aos vigueses xa lle interesen como nos imos a ir, e senón hai AVE e hai unha conexión que nos pon en tres horas e media como algunhas solucións técnicas, en 30 anos o AVE xa non existe, xa non é unha marca comercial, falamos de AVE cando non se utiliza AVE e utilízanse Avant, ou Alvia ou todas as opcións dentro do sistema da alta velocidade. A Etea, o único certo é que un areal e que os veciños de Teis levan anos dicindo que se quere facer coa parte da Etea que é do concello, coa parte da Etea que é doutras administracións ou incluso cunha colaboración das dúas administracións, que se fale desta moción de incendios forestais cando a Xunta de Galicia aínda lle ten dicir aos concellos como se vai a aplicar a cuestión da franxa porque si o que pretende a Xunta de Galicia é que os propietarios catastrais limpen miles de fincas, xa sabemos que iso vai a ser imposible e estaremos outro ano abrindo este debate. Nós nos imos a abster nesta moción porque ademais nos gustaría saber e que se especificaran cales son os bloquos, dicíndoo ademais, nesta actuación hai un bloqueo porque o informe que ten que dar a administración pertinente non o fai e non hai ningún motivo ou pasaron os seis meses, ou os meses de rigor que fagan falla para poder dicir estas cuestións, porque o resto é grave, tanto se pon cara a Xunta de Galicia ou cara o Concello dicir que hai un boicot a determinada actuación, eu creo que se tería que ser punitivo e tería que ter un percorrido xudicial porque estamos a falar dos recursos públicos, de orzamentos e estamos falando de cartos que sae de tódolos vigueses/as e estas aseveracións, xa sei que electoralmente claro que teñen percorrido, dicir que o Sr. Feijóo quere pechar o Aeroporto, no ano 2013 fixo unha manifestación multitudinaria, este tipo de cuestións o AVE por Cerdedo ata xerou unha actuación dunha coral cunha manifestación análoga, estas cousas sei que funcionan moi ben pero lle pediría ao Partido Popular e Socialista que o límite da cidadanía, sobre todo cando ven unha sociedade post-COVID-19, unha crise económica frontal, non sabemos como van saír as familias desta situación, non sabemos como podemos darlle ás empresas infraestruturas ou comunicacións minimamente dignas para ser competitivas nun mercado global que por culpa desta crise vai a ser despiadado, a competencia entre cidades vai a ser despiadada, a competencia entre

comunidades autónomas vai a ser despiadada, e traíamos aquí mocións que alberguen un pouco de certeza e claridade á cidadanía.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Creo que so podemos darlle as gracias porque a verdade que si vostede o que pretendía era sacar peito e dicir que o papel do Partido Popular ao longo dos 11 anos de goberno do Sr. Feijóo foi marabilloso, pois é que a realidade desmonta calquera dos seus argumentos, pero que o desmonta a xente na rúa, onde a xente na rúa lle di ao presidente da Xunta de Galicia que xa está ben de maltratar a esta cidade, porque si é verdade que a maltrata porque si falamos en termos comparativos claro que a maltrata, é dicir, vostedes veñen aquí a dicir que ao longo deste 11 anos fixeron moitas cousas, eu lle vou a dicir algunhas que fixeron, son os responsables do único experimento de concesión dun hospital que hai en Galicia e de que chegara en último termo un hospital a Vigo, por certo un hospital recortado, son os responsables de que os médicos de atención primaria, directores de centros de atención primaria de Vigo todos dimitirán, pola precarización que fixeron da nosa sanidade, foron os responsables da precarización que tamén existe na educación e que as instalacións educativas estean todas desatendidas, e que necesitan todas un investimento forte da Xunta de Galicia que lle nega, son os responsables de que Navia non teña instituto, asinen vostedes, confirmen vostedes e asinen o convenio que lle reiteramos dende o Concello de Vigo e o día seguinte tendrán vostedes un Pleno convocado para aprobar o Plan de Navia, pero os veciños de Navia hai que darlle resposta xa ás necesidades educativas que teñen xa, polo tanto, deixen de inventar novas ubicacións de institutos, onde por certo non caben, porque non caben as instalacións, non, as ocorrencias déixenas atrás, fagan un instituto en Navia é que onde se precisa, é onde se precisa. Miren, na Etea, é flipante, ou sexa en 11 anos nin un euro, son os responsables de facer que a Zona Franca tivera que recomprar dous edificios para poder darllos á Universidade, 5 millóns de euros, é dicir, non cero euros non, menos 5 millóns de euros, porque fixeron que alguén tivera que recomprar algo que xa era da Xunta de Galicia, para que se poida rehabilitar, flipante, por certo as únicas instalacións que están en uso público son as municipais, o único que investiu recursos públicos foi o Concello de Vigo, pero na Etea fronte a un proxecto de investigación punteiro que podería poñer a Vigo pois,

dende logo no panorama da investigación e a innovación das ciencias do mar, agora queren facer unha residencia, por certo non fixeron ningunha, e agora queren facer unha residencia, isto é unha tomadora de pelo. O centro de saúde de Bouzas, 11 anos para que non teñamos nada, 11 anos porque a parcela a ten a Xunta de Galicia dende hai 11 anos e agora anuncian un proxecto que é dispensario médico, non ten pediatra, non ten traballador social, unha tomadura de pelo aos veciños/as de Bouzas que levan moito tempo esperando. Polo tanto, e seguimos é dicir, por que queren enredar coa Intermodal? E coa estación e o proxecto Vialia e os seus accesos? É o único exemplo de colaboración entre tres administracións que colaboramos, sempre de xeito leal e polo tanto, o que non ten ningún problema nin atranco máis alá das tramitacións administrativas que home, non sei se vostedes se deron conta que polo medio existiu un Estado de alarma, algo tamén importante.

Miren, eu xa non vou a criticar máis o que di a moción do Partido Popular, vou a remitirme ás palabras do Sr. Feijóo, fixo un vídeo promocional onde en A Coruña di “terceira ronda, túnel do Parrote, a Tabacos como sede xudicial, a vía Ártrava, o accesos a Sabón, a apertura de Centros de Día en Montealto e Eirás, a ampliación de prazas de gardería, o saneamento da ría do Burgo, un anuncio de novo hospital e unha reforma integral do hospital actual” en Vigo, fixeron moito polo naval e a automoción cos fondos do Estado por suposto, porque quen o fixo foi o Estado, a ampliación do IFEVI que aínda non está completada, a depurada, só fallaba, ademais cunha sanción da unión Europea é a única que puxo recursos que lle pagamos tódolos vigueses que o único que fixo foi adiantado á Xunta de Galicia e o Álvaro Cunqueiro que é o único exemplo de hospital privado que hai en Galicia, polo tanto esta é a folla de ruta do Partido Popular, miren están vostedes afastados da realidade, non por elo o Sr. Feijóo presentamos no seu video promocional, comeza cunha praza de touros, unha bandeira de España e finaliza cunha praza de touros, miren en Vigo de touros non sabemos nada pero si sabemos do agravio comparativo que o Sr. Feijóo fixo con esta cidade, un escándalo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Hai canto nervio, o que nos queda claro e que viron todos o vídeo do Sr. Feijóo promocional, polo menos o Sr. Iglesias e a Sra. Caride pasaron un bo rato vendo o vídeo do Sr. Feijóo que eu non tiven nin tempo aínda

de velo. Está ben que vostedes vexan eses vídeos, pero mire, Sr. Iglesias aquí non ten ninguén que esquecer nada eu non dixen iso ademais o que hai que facer e hai que recoñecer un esforzo e eu pido e pedimos un cambio de actitude e vostede tamén ten que saber que hai unha actitude por parte de Sr. Caballero deste goberno municipal de amordazar a esta cidade, entón pode opinar en calquera momento do que queira e está claro que estamos en extremos en ideoloxía pero a xestión municipal desta cidade está amordazando a moita xente, exemplo tamén de falla de colaboración é un plan xeral sacado con premeditación e aleivosía cando todos estábamos confinados e con ademais unha arrase absoluto das zonas do rural, ben, eu digo que iso xa falaremos noutro momento, non é cuestión hoxe de falar do Plan Xeral ademais con cousas moi raras e que hai que analizar pormenorizadamente. Os boicot me din, pode dicir algún, as 1.600 vivendas de Navia que están esperemolo nun trámite do Concello, no IFEVI, o instituto de Navia tamén necesitamos un espazo para facer o instituto de Navia contemplado nos orzamentos da Xunta de Galicia, os convenios vetados e algúns incluso asinados como o transporte metropolitano e sen desenvolver, a limpeza das franxas rurais por suposto, o bono aluguer, a única tramitación que falla da Etea tamén pertence a este Concello, entón mire, eu digo un cambio de actitude e non o digo con acritude, o dicía construtivamente polo tanto, vou seguir e imos seguir no noso posicionamento e por moito que berren aquí e se poñan nerviosos co Sr. Feijóo e cos seus vídeos, isto non vai cambiar a Xunta de Galicia vai seguir investindo nesta cidade.

Mire, eu vou contar unha anécdota no 2011 cando cheguei de concelleira, unha das primeiras actividades que fixen foi visitar a Etea, unha piscina marabillosa que acababan de construír que estaba alí, pois fantástico para tódolos veciños de Teis e creo que en tres ou catro meses, non sei canto tempo foi, de repente foi o Alcalde alí e tapouna, foi o que fixo na Etea en Teis o Alcalde de Vigo, tapar a piscina e pechar tódalas instalacións deportivas que estaban a poñerse a disposición dos cidadáns de Teis porque as que teñen, as piscinas que teñen son iniciativas de gobernos do Partido Popular en colaboración insisto, co Partido Galeguista no seu día, co Bloque Nacionalista Galego, cun partido Socialista que agora xa non existe. Polo tanto, eu digo non sei tamén Sr. Pérez Correa, non somos o mesmo o Partido Socialista e o Partido Popular e vostede Sra. Caride falaba, as persoas na rúa

pídenlle, claro vostedes o que fan é mover as persoas a rúa contra os feitos, contra a construción do hospital a xente á rúa, contra un AVE que xa estaba chegando a Vigo, a Coral Casablanca a as persoas á rúa, é o que mellor saben facer, nós seguiremos traballando por esta cidade, seguiremos traballando por Galicia, eu creo de verdade que xa vai sendo hora despois de 11 anos de que tamén vostedes se quiten un pouco a venda dos ollos.

Mire, gustaríame de verdade que houbera un cambio de actitude por parte deste goberno municipal, sobre todo polo futuro desta cidade porque co Plan Xeral que queren aprobar imos todos ao traste.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, tampouco se atopa a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, e vinte e un votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.06.2020 (Rex. Nº 2464/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

15(83).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á HABILITACIÓN DUN PUNTO DE ATENCIÓN ADMINISTRATIVA DESCENTRALIZADA DO CONCELLO.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é que se habiliten co máxima urxencia puntos de atención administrativa descentralizada nos barrios e parroquias para evitar as colas e esperas nas dependencias do Concello.

PRESIDENCIA: Tómase nota do rogo

16(84).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á CONTRATACIÓN DUNHA ASESORÍA TÉCNICA PARA OBRA DA PORTA DO SOL.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que nos informen da contratación dunha asesoría técnica para obra do soterramento do tráfico na Porta do Sol, se se está replanteando a obra ou existe un replanteo da obra orixinal.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

17(85).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE ÁS REIVINDICACIÓN DOS TRABALLADORES DE VITRASA.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Estaban aquí os traballadores de Vitrasa e eu rogo ao Concelleiro o Sr. Pardo, pois que reciba ao comité de empresa e se interese polas reivindicacións que teñen os traballadores do servizo público de transporte urbano de Vigo.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18(86).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A PRORROGA DA CONCESIÓN DE SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO A VITRASA.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Por que razón se decidiu prorrogar por 5 anos a concesión do servizo de autobús urbano a Vitrasa e non polo tempo que fora estritamente indispensable para a corrección do novo prego concesional e a adecuación das previsións económicas.

PRESIDENCIA: Case lle contestaremos por escrito.

19(87).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO ESCRITO DO COMITÉ DE EMPRESA DE VITRASA.

SR. PÉREZ CORREA: Preguntamos se se vai a responder a este escrito novamente emitido polo comité de empresa Vitrasa onde piden clarexar tres cuestión que a día de hoxe non se lle deu resposta ó comité de empresa. Sabemos que está remitindo a tódolos grupos, entendemos que tamén ao goberno.

PRESIDENCIA: Será contestada por escrito.

20(88).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE ÁS FRECUENCIAS DE TRENS QUE RENFE TIÑA NA CIDADE.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A nosa pregunta é que vai a facer o goberno de Vigo para impedir ou recuperar os trens, as frecuencias de trens que tiña Renfe na cidade. Se van a facer algo.

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.